

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 2 de xuño de 2008

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTE:

D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte e cinco minutos do día dous de xuño de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(848).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión do 5 de maio de 2008. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(849).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DE D. MANUEL DASILVA RIVAS PARA ALUGUER DE VIVENDA POLO DERRUBAMENTO DA SÚA VIVENDA POR RESOLUCIÓN XUDICIAL. EXPTE. 4838/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Asesoría Xurídica, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e xefe de Protocolo de Relacións Públicas, do 12.05.08, conformado pola concelleira-delegada de Facenda e polo interventor xeral, que di o seguinte:

En relación coa solicitude de axuda formulada por MANUEL DASILVA RIVAS, (36082179-D) para aboamento de aluguer de vivenda para sí e a súa familia, por derribo da propia en execución da resolución ditada polo

TSXG e, comprobadas as especiais situacións que concorren neste caso, o funcionario que asina ten a ben informar o seguinte:

A administración contra entre as súas competencias contribuír naquelas causas de carácter social que afecten a grupos de cidadáns, contribución non sempre posible dado o extenso e variado do tecido social da cidade.

Existe para isto outras canles como son as subvencións que acaden axeitadamente estes fins.

O solicitante MANUEL DASILVA RIVAS está a sufrir o derribo da súa vivenda en execución da resolución dita polo TSXG de 10-11-2005 a executar por orde de 22 de xaneiro de 2007. Este cidadán nembargantes, debe continuar aboando a cota da hipoteca constituída e, asemade, alugar unha vivenda para sí e a súa familia.

Habida conta das especiais circunstancias que concorren neste caso é preciso afirmar que se trata dunha situación especial, contemplándose unha subvención por primeira vez.

Que se trata dunha axuda de carácter especial e extraordinario por unha causa urxente como é a de vivenda.

Que esta situación de carácter excepcional está contemplado na vixente lei de subvencións L.38/03 de 17 de novembro, xa que o interés humanitario está debidamente xustificado así como tamén a urxencia que dificultaría a inclusión nunha convocatoria propia.

Este cidadán solicita unha subvención por importe de 5.500 euros que cubriría o importe do aluguer dende o presente mes de maio ata final de maio, co aboamento de dous meses de adianto segundo a vixente L.A.U., que podería ser tramitada con cargo á partida 111.0.489.00.02 (subvencións por razóns humanitarias e sociais).

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local o seguinte acordo:

“Conceder a MANUEL DASILVA RIVAS, con D.N.I 36082179-D unha subvención pola contía de 5500 euros para cubrir o aboamento de aluguer de vivenda propia, derrubada por orde xudicial, a xustificar polo propio aluguer e polo concepto subliñado, durante este ano, e isto con cargo a partida 111.0.489.00.02 (subvención por razóns humanitarias e sociais) do vixente presuposto.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(850).- PROXECTO DE MODELO DE CONTRATO PARA A CONTRATACIÓN DAS ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS DAS FESTAS DE VERÁN 2008. EXPTE. 2647/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 28.04.08, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de modelo de contrato para a contratación dos espectáculos e actividades programados polo servizo de Animación sociocultural.

2º.- Facultar ó concelleiro da Área de Cultura e Animación sociocultural a asinar todos os contratos dos espectáculos de música, teatro e danza que se inclúan no programa das Festas de Verán 2008.

3º.- Que o pagamento dos contratos realizados en base a este proxecto se realice a través da conta de habilitación de Animación sociocultural 2080.0000.77.0040277241.

PROXECTO DE MODELO DE CONTRATO PARA A CONTRATACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS PROGRAMADOS POLO SERVIZO DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL.

Vigo, o de de dous mil oito.

Dunha parte D., **CONCELLEIRO DE CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL** e como representante do **CONCELLO DE VIGO**, CIF P-3605700-H, con enderezo social en Vigo, praza do Rei s/n, que no presente contrato denominarase O **CONCELLO**.

Doutra parte D/Dna..... (apoderado/a, administrador/a único/a..) e que actúa en nome da empresa denominada CIF, e con enderezo da cidade de, CP ; no sucesivo A **AXENCIA**.

Ambas as partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para levar a cabo o presente contrato que rexerá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

Primeira.- O **CONCELLO** contrata á **AXENCIA** para que realice unha actuación do artista/grupo , no sucesivo O/A **ARTISTA**, o día de..... de 2008, ás horas no recinto denominado, situado en , cunha duración mínima de minutos.

A **AXENCIA** comprométese a non realizar ningunha outra actuación do/a **ARTISTA** dentro dos trinta días anteriores á data indicada, nun raio de 35 quilómetros do lugar no que se terá lugar a que é obxecto deste contrato.

VALIDEZ

Segunda.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento no que se atope en poder da **AXENCIA** debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do **ANEXO** por todas as partes comparecentes.

PREZO, FORMA DE PAGO E GASTOS

Terceira.- A **AXENCIA** percibirá unha retribución de (CIFRA) euros máis o 16% de IVE, o que fai un total de (CIFRA) - (EN LETRA). euros, en concepto da actuación do/a **ARTISTA**; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.

O pagamento realizarase da seguinte forma: entrega de talón nominativo a D/Dna..... , NIF..... momentos antes do comezo da actuación, co/a **ARTISTA** no recinto, tras a achega de factura conforme cos requisitos que establece o Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro.

O prezo pactado non será obxecto de revisión nin actualización por ningunha causa ou motivo.

Cuarta.- Serán por conta do **CONCELLO** todos os gastos que se xeren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, publicidade, pagamento de dereitos de autor, permisos necesarios para levar a cabo a actuación no lugar e data determinados, etc.

PERMISOS

Quinta.- O **CONCELLO**, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.

AFORO E ENTRADAS

Sexta.- - O local da actuación dispón dun aforo de (CIFRA) espectadores (sentados ou de pé). O CONCELLO porá á venda (CIFRA) entradas ao prezo de (CIFRA).euros cada unha e será beneficiario da total recadación; tamén realizará (CIFRA) invitacións das que entregará (CIFRA) á AXENCIA.

PROMOCIÓN E IMAXE

Sétima.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, ningunha mercadoría ou produto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do/a ARTISTA, sen o anterior consentimento da AXENCIA, por escrito. Así mesmo, O CONCELLO proverá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou os seus arredores, a venda de material relacionado co/coa ARTISTA por persoas non autorizadas. A AXENCIA resérvase o dereito da explotación de produtos relacionados co/coa ARTISTA no lugar e data do concerto, tras a comunicación por escrito ao CONCELLO.

Oitava.- A AXENCIA autoriza ao Concello, mediante o presente contrato, a gravación en vídeo ou reprodución fotográfica do concerto, cun tempo máximo de tres (3) minutos, co exclusivo fin de informar aos medios de comunicación.

Para efectuar calquera outra retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter autorización da AXENCIA.

O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparello que rexistre ou reproduza o son ou a imaxe. O CONCELLO advertiralle ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

Novena.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.

PUBLICIDADE

Décima.- O CONCELLO, dende a sinatura do contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade adecuada á actuación contratada. O CONCELLO resérvase o dereito de acordar o patrocinio desta actuación con calquera marca ou firma comercial, tras a comunicación á AXENCIA por escrito, cunha antelación mínima de cinco días á data do concerto.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.

No caso que a AXENCIA queira situar publicidade sobre o escenario e/ou outros espazos do recinto do concerto, así como pezas publicitarias realizadas en calquera soporte, terán que contar con autorización expresa do CONCELLO. Neste apartado inclúense as mensaxes publicitarias sonoras e/ou audiovisuais.

PATROCINIOS

Décimo primeira.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades , o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas das súas e dos seus colaboradores na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e os seus arredores, agás no escenario e nas estruturas de son, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do/a ARTISTA cos colaboradores do CONCELLO.

Décimo segunda.- O ARTISTA poderá realizar todo tipo de actividade promocional ao redor do concerto ou como apoio a este nas súas datas anteriores.

SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO

Décimo terceira.- O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, para o que contratará os medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo; ademais dos que lle sexan de obrigado cumprimento en función das características do espectáculo programado.

Décimo cuarta.- Sen prexuízo das responsabilidades que se puidesen atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento das súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan segundo o definido expresamente neste contrato e no seu ANEXO, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel.

Décimo quinta.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local da actuación botellas, latas ou outros obxectos que puidesen resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do espectáculo. As bebidas que se vendan dentro do lugar da actuación, serán servidas unicamente en vasos de plástico.

Décimo sexta.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, zona traseira do escenario ("backstage") e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do espectáculo.

Décimo sétima.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O/A ARTISTA instale no local da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre que A AXENCIA lle declare detalladamente ese material por escrito ao CONCELLO, á súa chegada ao recinto de actuación, que deberá ser conformada polo persoal técnico do Concello de Vigo, previa súa comprobación. En caso contrario, O CONCELLO eximirase de calquera responsabilidade.

Décimo oitava.- O CONCELLO dispón do correspondente contrato de seguro e póliza de condicións particulares nº, formalizada coa compañía, que garantizará as consecuencias económicas derivadas das responsabilidades civil que poida corresponderlle por danos e perdas ocasionados a terceiros pola celebración do evento.

A AXENCIA dispón do correspondente contrato de seguro e póliza de condicións particulares nº, formalizada coa compañía, que garantizará as consecuencias económicas derivadas da responsabilidade civil que poida corresponderlle por danos e perdas ocasionados a terceiros pola celebración do evento.

INSTALACIÓNS

Décimo novena.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto da actuación dende as (CIFRA) horas do día da actuación ata as (CIFRA) horas despois do final da actuación do/da ARTISTA.

Vixésima.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá O CONCELLO.

SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN

Vixésimo primeira.- Se por calquera causa grave ou de forza maior allea á AXENCIA e que impida debidamente xustificada a suspensión do espectáculo, entendéndose como causa grave ou de forza maior, entre outras, perigo inminente, condicións climatolóxicas adversas (choiva, neve,...), A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade.

Vixésimo segunda.- No caso de suspensión do espectáculo, e se fora posible, fixarase de común acordo coa AXENCIA, data para unha nova actuación, que deberá levarse a cabo no prazo máximo de 30 días naturais a contar dende a data da suspensión.

A nova actuación deberá levarse a cabo nas mesmas condicións que as establecidas no presente contrato, se ben, o aspecto económico do mesmo será motivo de negociación en función da data de celebración.

RESOLUCIÓN

Vixésimo terceira.- O contrato pódese resolver por calquera das partes por causa de incumprimento grave da outra parte das obrigas derivadas do mesmo. Neste suposto, a parte cumpridora estará facultada para dar por

resolto o contrato, unha vez feita a notificación por escrito correspondente e pasados quince días desta notificación.

Vixésimo cuarta.- Só en caso de enfermidade, accidente, morte ou forza maior xustificada do/da ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente contrato, e previa presentación dos xustificantes oportunos, poderá A AXENCIA rescindilo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade ningunha do pactado no presente contrato.

SUBMISIÓN

Vixésimo quinta.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidese corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

ANEXO

1. SON E ILUMINACIÓN.

A AXENCIA instalará para a actuación do/da ARTISTA os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación. A potencia do equipo constará de watios de son e de watios de iluminación.

REFORZO.-

O CONCELLO poderá decidir a inclusión dun reforzo de son, debido ás características do lugar de actuación.

2. ESCENARIO E PLATAFORMAS.

2.1. ESCENARIO.

O CONCELLO porá a disposición do/da ARTISTA, un escenario que reunirá as seguintes características:

Dimensións mínimas.- (CIFRA) m. de fronte, (CIFRA) m. de fondo e unha altura dende o chan de (CIFRA) m. O escenario si/non está cuberto.

Capacidade de carga.- (CIFRA) kg/m².

Accesos.- O escenario estará provisto dunha sólida escaleira que comunique coa zona traseira do escenario ("backstage").

Outras características.- O escenario será firme, plano e libre de todo material ou obstáculo, que instalado por profesionais cumpra as normas de seguridade vixentes.

2.2. PLATAFORMAS DE SON.

O CONCELLO instalará dúas plataformas para o sistema de son coas seguintes características:

Dimensións.- (CIFRA) m. de fronte, (CIFRA) m. de fondo e dous niveis, situados a (CIFRA) e a (CIFRA) m. do chan.

Situación.- Pegadas a cada lado do escenario.

Capacidade de carga.- (NÚMERO) kg/m² en cada nivel.

2.3. PLATAFORMA PARA CONTROL (MIXER)

Dimensións.- Así mesmo, a (CIFRA) m. do escenario, haberá unha plataforma de (CIFRA) m. de fronte, (CIFRA) m. de fondo e unha altura de (CIFRA) m. nun tramo de (CIFRA) m. de fondo e de (CIFRA) m. para o tramo máis afastado do escenario.

Situación.- A (CIFRA) m. do punto central da embocadura do escenario.

Capacidade de carga.- (CIFRA) Kg/m².

2.4. OUTROS.

O CONCELLO facilitaralle, se resulta necesario, á AXENCIA unha carreta elevadora con condutor durante a xornada do concerto. A plataforma para control (mixer) cubrirase cunha rede por razóns de seguridade.

3. VALADO.

O CONCELLO instalará un sistema de valado, con elementos en perfecto estado de uso, para impedir o acceso de persoas ás seguintes zonas ou elementos:

- ESCENARIO. Deberá encontrarse separado do público por unha barreira de protección situada a 2 metros del e cunha extensión suficiente para impedir o seu paso ao escenario. A barreira de protección deberá soportar suficientemente calquera presión exercida polo público, de tal forma que nunca supoña perigo ningún para o servizo de orde, organización, técnicos, fotógrafos e en xeral calquera que nesta área tivese que atoparse debidamente autorizado.

- EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN

- MERCADOTECNIA

O valado estará instalado de forma efectiva unha hora antes da apertura de portas ao público nos recintos pechados e dende o momento do comezo da montaxe das instalacións nos recintos abertos.

4. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

As instalacións eléctricas para levar a cabo o espectáculo serán por conta do CONCELLO e reunirán as seguintes características:

Potencia.- (CIFRA) tomas de corrente independentes; unha de voltios e Kwatios, outra toma de voltios e Kwatios.

Situación.- As tomas estarán a ambos lados do escenario e a (CIFRA) metros dende o seu centro.

Outras características.- cada unha das tomas de corrente estará protexida cunha liña de terra independente.

As instalacións eléctricas do lugar da actuación axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.

5. CAMERINOS.

O CONCELLO proverá ao/á ARTISTA de (CIFRA) camerinos de uso exclusivo, illados do público, próximos ao escenario e con acceso directo a este; terá capacidade suficiente para un total de (CIFRA) persoas.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados e provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos que estarán dispoñíbeis e vixiados dende a chegada dos camións do equipo do/da ARTISTA ata a fin do desmonte. O

CONCELLO facilitaralle á AXENCIA ou ao/á ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes o requiran.

6. "CATERING".

O CONCELLO deberá de subministrar no camerino do/da ARTISTA , dúas horas antes do comezo da actuación, o seguinte "catering":

.....

Tamén O CONCELLO proverá de auga mineral aos/ás técnicos/as:

20 litros ao comezo da montaxe

10 litros ao comezo das probas de son

20 litros ao comezo do desmonte.

7. VEHÍCULOS.

Os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA terán acceso directo ao escenario; en caso contrario, O CONCELLO proverá ao seu cargo os medios necesarios para levar alí o equipo.

O CONCELLO habilitará un espazo vixiado para aparcadoiro de (CIFRA) vehículos do/da ARTISTA e da AXENCIA que participen na produción do espectáculo.

O vehículo do/da ARTISTA poderá acceder ata a zona traseira do escenario ("backstage") e permanecer alí ata o remate do espectáculo. O resto dos vehículos do/da ARTISTA ou da AXENCIA permanecerán no lugar destinado polo CONCELLO.

8. MERCADOTECNIA.

O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA un espazo libre, cunha toma de corrente de 220 v, para a venda do seu material de mercadotecnia. Este espazo estará protexido por valado e persoal de seguridade.

9. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

9.1. RESPONSÁBEL DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como única interlocutora válida ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas coa actuación do ARTISTA.

A AXENCIA coñecerá por adiantado a identidade do/a responsábel da produción que estará presente no lugar da actuación á hora que se acorde, para iniciar a produción. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizábel. No lugar da actuación sempre haberá unha persoa do CONCELLO relacionada coa produción.

9.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.

O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de (CIFRA) persoas para tarefas de carga e descarga do equipo do ARTISTA; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo, que se acorda para as horas do día da actuación e ata que os/as técnicos/as o indiquen; o equipo volverá a estar dispoñíbel inmediatamente despois do final da actuación para a carga. O total de horas de traballo do equipo estímase en (CIFRA) horas.

9.3. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar de actuación, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son e durante a actuación. O resto do tempo no que estea vixente o contrato estará permanentemente localizábel.

9.4. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local da actuación, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais adecuados.

9.5. OUTRO PERSOAL.

Será a cargo de O CONCELLO calquera outro persoal necesario para a organización do concerto (por exemplo: despacho de entradas, porteiros, ...)

10. SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de orde que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, zona traseira do escenario ("backstage"), equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respectuosa coas persoas. O servizo de orde cumprirá as obrigas de seguridade que se lle atribúan ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de orde estará dispoñíbel dende a chegada do equipo ata que, despois do concerto, teña finalizado o desmonte e a carga do equipo. O persoal de seguridade atenderá as indicacións dos/as representantes da AXENCIA e dos responsábeis do CONCELLO.

Ata o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do espectáculo só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O/A ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO para o que este disporá do persoal necesario para cumprir este requisito. Todo o persoal relacionado co espectáculo deberá levar en lugar visíbel unha acreditación.

Dende (CIFRA) minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por (CIFRA) persoas identificables con acreditacións visíbeis e distribuído da seguinte maneira:

1 director do servizo de orde.

..... (CIFRA) membros DETRÁS DO ESCENARIO.

..... (CIFRA) membros DIANTE DO ESCENARIO.

..... (CIFRA) membros NOS EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.

..... (CIFRA) membros NO "BACKSTAGE" e CAMERINOS.

..... (CIFRA) membros EN ZONAS RESERVADAS Á AXENCIA (aparcadoiro, mercadotecnia,...)

O CONCELLO completará o equipo de seguridade co restante persoal que necesite o recinto para o seu CONTROL PERIMETRAL (interno e externo), ACCESO DO PÚBLICO, ETC.

O CONCELLO comunicarlle á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de orde, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

O CONCELLO disporá a pé de escenario os extintores necesarios segundo a lexislación vixente, en perfectas condicións de uso.

11. ACTUACIÓN E ENSAIO.

11.1. DISPOÑIBILIDADE DE ESCENARIO E TOMAS ELÉCTRICAS.

Dende a hora da chegada dos equipos do ARTISTA.

11.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico, que terá unha duración de (CIFRA) horas aproximadamente, e que se realizará na tarde do día do concerto. Durante estes ensaios técnicos non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.

11.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).

A actuación comezará con estrita puntualidade.

A apertura de portas ó público producirase ás (CIFRA) horas. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados os ensaios técnicos do/da ARTISTA e dos TELONEIROS, se é o caso.

12. PUBLICIDADE.

A AXENCIA porá a disposición do O CONCELLO, antes do día de de 2008, o seguinte material publicitario do/da ARTISTA:

CARTEIS.- (CIFRA) unidades, dimensións (largo, longo).

DOSSIER ARTÍSTICO.-

FOTOGRAFÍAS.-

A distribución dos carteis do ARTISTA será por conta do CONCELLO.

EDICIÓN DE MATERIAL COMPLEMENTARIO.

O CONCELLO editará unhas bandas para complementar a cartelería que conterán os datos da realización do concerto (lugar, día, hora; prezo de venda das localidades).

13. LOCAL DE ACTUACIÓN.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e instalacións necesarias para a actuación que se describen neste documento.

Ambas as partes comprométese a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións de produción do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

4(851).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES PARA A COORGANIZACIÓN DAS FESTA DO POLBO 2008. EXPTE. 2627/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 8.04.08, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo e polo inter-ventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobado o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e o Centro veciñal e cultural de Valadares para a coorganización da “FESTA DO POLBO 2008”.

2º.- Facultar ó concelleiro de Animación sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar un gasto por importe de 9.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará ó Centro veciñal e cultural de Valadares (CIF G-36.805.158), con cargo á partida presupostaria 4512.489.0004 (Convenio Festas gastronómicas) do programa presupostario de Animación sociocultural para o exercicio 2008.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES PARA A COORGANIZACIÓN DA “FESTA DO POLBO 2008”

Vigo, o de de dous mil oito.

REUNIDOS

Dunha parte, D. XESÚS LÓPEZ CARREIRA, CONCELEIRO DELEGADO DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e en representación do Concello de Vigo, CIF P-36.057.00-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n; no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D. GREGORIO ÁLVAREZ PEREIRA, PRESIDENTE e en representación do CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES, CIF G-36.805.158, con domicilio social en Vigo, na estrada xeral de Valadares nº 233; no sucesivo A ENTIDADE.

MANIFESTAN

1. Que O CONCELLO está a organizar o programa de actividades e espectáculos das “Festas de Verán 2008”, que se desenvolve nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como os nosos folclore e cultura populares.

2. Que A ENTIDADE organizou nos últimos anos a “Festa do Polbo”, no monte dos Pozos de Valadares, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, estando en condicións de organizar a presente edición.

3. Que O CONCELLO está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

4. Que dende o ano 1996 se asinaron diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio serán a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia.

Dado o carácter cultural, cívico e social responde ademais ó previsto no artigo 88 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, formando parte das competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e ós municipios galegos especificamente no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando o interese do exposto, O CONCELLO e A ENTIDADE establecen a súa relación para o exercicio 2008 mediante o presente convenio de colaboración, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O obxecto do presente convenio é establecer a relación entre A ENTIDADE e O CONCELLO para a organización e realización da “FESTA DO POLBO 2008”, o vindeiro día 10 de agosto, no monte dos Pozos (Valadares) dentro da programación das “Festas de Verán 2008”, segundo o programa presentado.

Segunda.- O presuposto total das actividades obxecto do convenio ascende a 30.770,00 euros, con todos os conceptos e impostos incluídos, segundo a proposta presentada pola ENTIDADE que consta no expediente do convenio; desta cantidade, O CONCELLO contribuirá coa contía de 9.000,00 (nove mil) euros, que se financiarán con cargo ós créditos asignados en cada exercicio económico do programa orzamentario de Animación sociocultural.

Terceira.- As obrigas que asume A ENTIDADE son as que se recollen no artigo 14 da Lei 38/2003 e, máis concretamente, as seguintes:

- 1. Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil, así como cumprir a programación que consta no expediente.*
- 2. Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do CONCELLO.*
- 3. Deberá obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.*
- 4. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.*
- 5. Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.*
- 6. Presentar unha memoria-avaliación do programa “FESTA DO POLBO” dentro dos quince días seguintes ó da súa execución, onde figurarán como mínimo:
 - a) Memoria de actividades levadas a cabo para a execución do evento que debe incluír polo menos os seguintes datos: indicación das actividades, explicación detallada do seu desenvolvemento, datos de participación e asistentes individualizados por actividade e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.*
 - b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:
 - Relación clasificada dos gastos con identificación do acredor e documento, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado, polo importe do 100% do orzamento final a xustificar.*
 - Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente polo importe subvencionado. Estes documentos poderán ser estampillados no caso de concorreren a outras axudas, indicando no mesmo o destino da axuda e importe imputado.*
 - Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade con indicación do importe e procedencia.**
 - c) Declaración responsábel do cumprimento das obrigas tributarias e Seguridade Social, conforme ao réxime simplificado de acreditación previsto polo artigo 31.7 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.**

- 7. Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo CONCELLO.*

Cuarta.- As obrigas que asume O CONCELLO, a través da Concellería de Animación sociocultural, aparte da achega da cantidade indicada (9.000,00 euros) na cláusula segunda deste convenio, son as seguintes:

1.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2.- Achegar un total de cincocentos carteis con motivo da festa, que entregará á ENTIDADE para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que O CONCELLO realice con motivo do programa das "Festas de Vigo 2008".

Quinta.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, A ENTIDADE propondrá ó CONCELLO os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Animación sociocultural. A ENTIDADE deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ó público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A ENTIDADE propondralle ó CONCELLO os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Sexta.- O CONCELLO aboará á ENTIDADE a cantidade estipulada na cláusula segunda, 9.000,00 (nove mil) euros, mediante transferencia bancaria á conta corrente 2080.0082.48.0040007435 da que é titular A ENTIDADE. Para liquidar o pagamento, A ENTIDADE presentará solicitude de pagamento e memoria-avaliación das actividades segundo o estipulado na cláusula terceira, apartado seis, dentro dos quince días seguintes á súa finalización.

O pagamento tramitarase previa certificación do xefe do servizo de Animación sociocultural, na que especifique que procede por cumprirse o clausulado do convenio e a conformidade cos xustificantes presentados.

As presentes axudas serán compatíbeis coa percepción doutras axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados.

En ningún caso, o importe destas axudas poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Sétima.- O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase mediante a presenza de persoal técnico da Concellería de Animación sociocultural durante o desenvolvemento desta actividade, así como en base ás memorias e documentación que presente A ENTIDADE.

Oitava.- A información sobre a actividade, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural, da Tenencia de Alcaldía e da ENTIDADE, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Novena.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura e coincidindo co exercicio económico.

De non existir denuncia expresa previa do mesmo no prazo do mes anterior á súa finalización, poderase prorrogar a vixencia por períodos anuais naturais, previa solicitude de prórroga da ENTIDADE, no cal se recollerán as novas accións a desenvolver, así como as posibles actualizacións das contías económicas que se achegan.

As achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

En todo caso, a vixencia do convenio non excederá do prazo máximo de catro anos.

Décima.- O CONCELLO non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Décimo primeira.- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un só efecto o presente convenio, no lugar e data que se indican.

5(852).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE COMISIÓN DE FESTAS NOSA SEÑORA DA GUÍA PARA A COORGANIZACIÓN DA FESTA DA SARDIÑA 2008. EXPTE. 2629/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 8.04.08, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía para a coorganización da “FESTA DA SARDIÑA 2008”.

2º.- Facultar ó concelleiro de Animación sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar un gasto por importe de 7.800,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía (CIF G-36.731.404), con cargo á partida presupostaria 4512.489.0004 (Convenio Festas gastronómicas) do programa presupostario de Animación sociocultural para o exercicio 2008.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE COMISIÓN DE FESTAS NOSA SEÑORA DAS NEVES DA GUÍA PARA A COORGANIZACIÓN DA “FESTA DA SARDIÑA 2008”

Vigo, o de de dous mil oito.

REUNIDOS

Dunha parte, D. XESÚS LÓPEZ CARREIRA, CONCELLEIRO DELEGADO DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e en representación do Concello de Vigo, CIF P-36.057.00-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n; no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D. JOSÉ GONDA FARIA, PRESIDENTE e en representación da ASOCIACIÓN DE COMISIÓN DE FESTAS NOSA SEÑORA DAS NEVES DA GUÍA, CIF G-36.731.404, con domicilio social en Vigo, na rúa Alonso Ojeda nº 14; no sucesivo A ENTIDADE.

MANIFESTAN

1. Que O CONCELLO está a organizar o programa de actividades e espectáculos das “Festas do Cristo da Victoria 2008”, que se desenvolve nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como os nosos folclore e cultura populares.

2. Que A ENTIDADE organizou nos últimos anos a “Festa da Sardiña”, na carballeira do monte da Guía, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, estando en condicións de organizar a presente edición.

3. Que O CONCELLO está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

4. Que dende o ano 1996 se asinaron diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio serán a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia.

Dado o carácter cultural, cívico e social responde ademais ó previsto no artigo 88 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, formando parte das competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e ós municipios galegos especificamente no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando o interese do exposto, O CONCELLO e A ENTIDADE establecen a súa relación para o exercicio 2008 mediante o presente convenio de colaboración, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O obxecto do presente convenio é establecer a relación entre A ENTIDADE e O CONCELLO para a organización e realización da “FESTA DA SARDIÑA 2008”, o vindeiro día 2 de agosto, na carballeira do monte da Guía dentro da programación das “Festas de Verán 2008”, segundo o programa presentado.

Segunda.- O presuposto total das actividades obxecto do convenio ascende a 10.299,00 euros, con todos os conceptos e impostos incluídos, segundo a proposta presentada pola ENTIDADE que consta no expediente do convenio; desta cantidade, O CONCELLO contribuirá coa contía de 7.800,00 (sete mil oitocentos) euros, que se financiarán con cargo ós créditos asignados en cada exercicio económico do programa orzamentario de Animación sociocultural.

Terceira.- As obrigas que asume A ENTIDADE son as que se recollen no artigo 14 da Lei 38/2003 e, máis concretamente, as seguintes:

1. Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil, así como cumprir a programación que consta no expediente.
2. Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do CONCELLO.
3. Deberá obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.
4. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.
5. Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.
6. Presentar unha memoria-avaliación do programa “FESTA DA SARDIÑA” dentro dos quince días seguintes ó da súa execución, onde figurarán como mínimo:

a) Memoria de actividades levadas a cabo para a execución do evento que debe incluír polo menos os seguintes datos: indicación das actividades, explicación detallada do seu desenvolvemento, datos de

participación e asistentes individualizados por actividade e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Relación clasificada dos gastos con identificación do acredor e documento, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado, polo importe do 100% do orzamento final a xustificar.
- Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente polo importe subvencionado. Estes documentos poderán ser estampillados no caso de concorreren a outras axudas, indicando no mesmo o destino da axuda e importe imputado.
- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade con indicación do importe e procedencia.

c) Declaración responsábel do cumprimento das obrigas tributarias e Seguridade social, conforme ao réxime simplificado de acreditación previsto polo artigo 31.7 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7. Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo CONCELLO.

Cuarta.- As obrigas que asume O CONCELLO, a través da Concellería de Animación sociocultural, aparte da achega da cantidade indicada (7.800,00 euros) na cláusula segunda deste convenio, son as seguintes:

- 1.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.
- 2.- Achegar un total de cincocentos carteis con motivo da festa, que entregará á ENTIDADE para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.
- 3.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que O CONCELLO realice con motivo do programa das “Festas de Vigo 2008”.
- 4.- Achegar unha banda popular de música con cargo ó convenio asinado polo CONCELLO coa Federación de Bandas populares de música de Vigo.

Quinta.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, A ENTIDADE propondrá ó CONCELLO os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Animación sociocultural. A ENTIDADE deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ó público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A ENTIDADE propondralle ó CONCELLO os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Sexta.- O CONCELLO aboará á ENTIDADE a cantidade estipulada na cláusula segunda, 7.800,00 (sete mil oitocentos) euros, mediante transferencia bancaria á conta corrente 0072.0462.88.0000100503 da que é titular A ENTIDADE. Para liquidar o pagamento, A ENTIDADE presentará solicitude de pagamento e memoria-avaliación das actividades segundo o estipulado na cláusula terceira, apartado seis, dentro dos quince días seguintes á súa finalización.

O pagamento tramitarase previa certificación do xefe do servizo de Animación sociocultural, na que especifique que procede por cumprirse o clausulado do convenio e a conformidade cos xustificantes presentados.

As presentes axudas serán compatíbeis coa percepción doutras axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados.

En ningún caso, o importe destas axudas poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Sétima.- O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase mediante a presenza de persoal técnico da Concellería de Animación sociocultural durante o desenvolvemento desta actividade, así como en base ás memorias e documentación que presente A ENTIDADE.

Oitava.- A información sobre a actividade, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural, da Tenencia de Alcaldía e da ENTIDADE, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Novena.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura e coincidindo co exercicio económico.

De non existir denuncia expresa previa do mesmo no prazo do mes anterior á súa finalización, poderase prorrogar a vixencia por períodos anuais naturais, previa solicitude de prórroga da ENTIDADE, no cal se recollerán as novas accións a desenvolver, así como as posibles actualizacións das contías económicas que se achegan.

As achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

En todo o caso, a vixencia do convenio non excederá do prazo máximo de catro anos.

Décima.- O CONCELLO non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Décimo primeira.- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un só efecto o presente convenio, no lugar e data que se indican.

6(853).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC PARA A ORGANIZAICÓN E BASES DE PARTICIPACIÓNO XIV FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL DO “CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 2584/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 25.04.08, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 28.04.08, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Interfolc para a organización do XIV Festival folclórico internacional “Concello de Vigo.

2º.- Aprobar as bases de participación ó XIV Festival folclórico internacional e a súa convocatoria correspondente ó presente ano.

3º.- Facultar ó concelleiro de Animación sociocultural para asinar o convenio.

4º.- Autorizar un gasto por importe de 68.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Asociación Cultural Interfolc (CIF G-36.892.271), con cargo á partida presupostaria 4512.489.0005 (Convenio Festival folclórico internacional) do programa presupostario de Animación sociocultural para o exercicio 2008.

5º.- Que o primeiro pagamento (34.000,00 euros) se realice a través da conta de habilitación ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL (2080.0000.77.0040277241).

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “XIV FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL CONCELLO DE VIGO 2008”

Vigo, de marzo de 2008

REUNIDOS

Dunha parte, D. XESÚS LÓPEZ CARREIRA, CONCELEIRO DE CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e en representación do Concello de Vigo, con CIF P-3605700-H, e con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n, no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D. EMILIO SOTELINO DOMARCO, NIF 35.940.889-P, PRESIDENTE e en representación da entidade denominada ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC, CIF G-36.892.271, e con enderezo en Vigo, rúa Tomás A. Alonso, núm 29, 5º esq. CP 36208; no sucesivo A ENTIDADE.

MANIFESTAN

Que o Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para potenciar, difundir e apoiar o folclore entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, achegando as tradicións e as culturas doutros países e do resto de comunidades autónomas.

Que o Concello de Vigo e a ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC veñen asinando dende o ano 1995, e de forma ininterrompida, convenios de colaboración para desenvolver este festival folclórico, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

Que as bases de participación no festival maila convocatoria do exercicio 2008 figuran como anexo ó presente convenio, para seren aprobadas xunto a el.

Dado o interese do anteriormente exposto, o CONCELLO e a ENTIDADE establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto a programación, organización e execución do XIV FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL “CONCELLO DE VIGO”, que se desenvolverá entre os días 5 e 10 de agosto, ambos inclusive, por cinco barrios da cidade. O día 5 celebrárase o acto central do festival no Auditorio de Castrelos.

Segunda.- O orzamento xeral da programación, organización e execución deste convenio, con todos os conceptos e impostos incluídos, segundo o detalle que figura no anexo do presente convenio e presentado pola ENTIDADE para a edición do ano 2008, ascende a un total de 70.000,00 euros, dos que 68.000 euros financiaranse con cargo ós créditos asignados no presente exercicio económico do programa orzamentario de Animación sociocultural.

Terceira.- As funcións principais a desenvolver pola ENTIDADE serán fundamentalmente as seguintes:

- 1. Elaborar o programa do XIV Festival Folclórico Internacional “Concello de Vigo”, e seleccionar os catro grupos folclóricos participantes nel, previa conformidade do persoal técnico da Concellaría de Animación Sociocultural.*
- 2. Coordinar a relación cos barrios participantes no festival.*

3. Coordinar todo o referente á organización xeral do festival en cada un dos barrios.
4. Calquera outra necesaria para o bo desenvolvemento do festival folclórico.

Cuarta.- Os espectáculos folclóricos que se desenvolverán en cada barrio serán destinados ó público en xeral, e o acceso ós mesmos será público e gratuito; o número de asistentes limitarase á capacidade do recinto onde se celebren.

Quinta.- As obrigas que asume A ENTIDADE respecto ó CONCELLO son as seguintes:

1. Participar activamente na organización, realización e execución do festival.
2. Velar para que cada barrio beneficiario do festival cumpra os requisitos recollidos nas bases de participación, que figuran no anexo deste convenio, e comunicar de inmediato calquera incidencia ó respecto ó persoal técnico da Concellaría de Animación Sociocultural.
3. Xestionar directamente todo o referente ós grupos folclóricos participantes no festival.
4. Contratar os elementos de megafonía e luces necesarios para o desenvolvemento de todo o festival, así como a súa xestión nos barrios participantes.
5. Cumprir o programa obxecto deste convenio segundo o proxecto que figura no anexo.
6. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobar coa antelación suficiente O correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, con cadeiras, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias para o bo desenvolvemento do festival.
7. Asumir todos os gastos e xestionar os pertinentes pagamentos que se deriven da programación, realización e execución do programa do festival e deste convenio, incluídos os referentes ós dereitos de autor, seguros de responsabilidade civil e calquera outros necesarios para o seu bo desenvolvemento.
8. Presentarlle á Concellaría de Animación Sociocultural a memoria do programa de actividades e memoria económica conforme o estipulado na cláusula décima.
9. Deberán obter todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización dos espectáculos incluídos neste convenio.
10. Asumir un seguro de accidentes para os integrantes dos catro grupos folclóricos que participen no festival, e que figuran no anexo deste convenio.
11. Organizar os actos centrais da recepción oficial ós grupos participantes no festival, que terá lugar na data e lugar establecidos na convocatoria.
12. Adquisición e entrega de agasallos os grupos participantes.
13. Cumprir as bases de participación no Festival.

Sexta.- As obrigas que asume o CONCELLO coa ENTIDADE son as seguintes:

1. Achegar a cantidade de 68.000,00 euros para a realización do XIV FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL “CONCELLO DE VIGO”.
2. Xestionar a presenza dos servizos de Protección Civil e Policía Local nos distintos barrios participantes no festival.
3. Editar o material gráfico correspondente ó festival (carteis, programas de man e invitacións para o acto central), así como os elementos de material promocional (camisetas, pins). Calquera actuación publicitaria complementaria con cargo ó orzamento deste convenio deberá contar coa conformidade previa do persoal técnico da Concellaría de Animación Sociocultural.

4. Xestionar a reserva da residencia para o aloxamento dos grupos folclóricos participantes no festival.

5. Xestionar a reserva das instalacións para o acto central.

Sétima.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e á presenza do persoal técnico da Concellaría de Animación Sociocultural nos propios espectáculos folclóricos programados.

Oitava.- O acto central do festival incorporará como mínimo as seguintes agrupacións por ámbito territorial:

- 4 grupos galegos, seleccionados da seguinte forma:

- 3 serán á proposta da comisión organizadora;

- 1 será o gañador da edición anterior das Xornadas de Danza e Música tradicionais galegas. No caso de que este non fose da cidade de Vigo, invitarase tamén 1 grupo local dos que tivesen participado na final das devanditas xornadas.

- 1 grupo do resto do estado español;

- 2 grupos de carácter internacional;

Así mesmo, haberá un grupo do resto do estado ou de carácter internacional para a animación de rúa.

Novena.- O pagamento da cantidade estipulada na cláusula segunda deste convenio farase segundo o seguinte detalle:

1. Un primeiro pagamento de 34.000,00 euros, en concepto de pago anticipado, efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número 2080.0100.01.0000092044 domiciliada en CAIXANOVA, da que é titular a ENTIDADE, antes do inicio do festival.

2. Un segundo e derradeiro pagamento por un importe total de 34.000,00 euros efectuarase por transferencia bancaria á mencionada conta, tras a xustificación das axudas.

No caso de que acontecese algún tipo de incidencia no referente ás obrigas da ENTIDADE (atraso na chegada dalgún/s grupo/s, non asistencia destes ó festival, etc), o CONCELLO realizaría os descontos que correspondan segundo a repercusión da incidencia.

Os pagamentos tramitaranse previa certificación de conformidade do xefe do servizo de Animación sociocultural, na que especifique que procede por cumprirse o clausulado do convenio e estar conforme cos xustificantes achegados.

As presentes axudas serán compatíbeis coa percepción doutras axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados.

En ningún caso, o importe destas axudas poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Décima.- A xustificación da subvención atenderá á presentación no servizo de Animación sociocultural, dentro dos 15 días hábiles seguintes á finalización do programa, onde figurarán como mínimo:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos espectáculos folclóricos celebrados, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- *Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor e documento, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.*

- *Facturas ou documentos orixinais de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa polo importe subvencionado. Estes documentos poderán ser estampillados no caso de concorrer a outras axudas, indicando no mesmo o destino da axuda e importe imputado.*

- *Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade con indicación do importe e procedencia.*

c) Declaración responsábel do cumprimento das obrigas tributarias e Seguridade Social, conforme ao réxime simplificado de acreditación previsto polo artigo 31.7 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo primeira.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural, da Tenencia de Alcaldía e da ENTIDADE, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo segunda.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura coincidindo co vixente exercicio económico.

De non existir denuncia expresa previa do mesmo no prazo do mes anterior á súa finalización, poderase prorrogar a vixencia por períodos anuais naturais, previa solicitude de prórroga da ENTIDADE, no cal se recollerán as novas accións a desenvolver, así como as posíbeis actualizacións das contías económicas que se achegan.

As achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

En todo caso, a vixencia do convenio non excederá do prazo máximo de catro anos.

Décimo terceira.- O CONCELLO non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Décimo cuarta.- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un só efecto o presente convenio, no lugar e data que se indican

7(854).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZA E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:

a) Sentenza do TSXG no rec. Apelación nº 15059/2008 interposto contra sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RCA nº 461/2005 p.a. interposto pola Xunta de Galicia en relación coa liquidación IBI 2004, parcela catastral 033403NG27904S0003HX. Estimada.

b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 374/07 p.a. Demandante: D. Juan Fernández Estévez. Obxecto: Sanción Tráfico, expte. Nº 078638135. Desestimado.

c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 12/08 p.a. Demandante: D. José M. Fernández González. Obxecto: Sanción Tráfico. Expte. 068696835. Desestimado.

d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 536/2008 p.a. Demandante: GESGROB, S.L. Obxecto: Resolución do 31/10/2007 do TEA do Concello de Vigo, desestimatoria da reclamación contra Providencia de Constrinximento de sanción de tráfico. Desestimado.

e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 334/2007 p.a. Demandante: D. José M. Sánchez Pérez. Obxecto: Desestimación “presunta” de responsabilidade patrimonial. Expte. Nº 1374/243. Desestimado.

f) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 33/2008 p.a. Demandante: Dª Ana Mª Santos Melero. Obxecto: Xunta de Goberno local 29/10/2007, resolución de responsabilidade patrimonial. Expte. Nº 446/243. Estimado.

g) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 39/2008 p.a. Demandante: D. Miguel Chapela Barro. Obxecto: desestimación “presunta” de reclamación patrimonial. Expte. 1361/243. Desestimento do autor.

h) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 176/2007 p.a. Demandante: Dª Maria E. Salgueiro Soñora. Obxecto: acto do 26/03/2007 que resolve procedemento de reclamación patrimonial. Expte. 613/243. Desestimado.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

8(855).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DE ECONOMÍA E FACENDA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DE EXACCIÓNS UNIFICADAS DE INDUSTRIAIS DO ANO 2008. EXPTE. 37246/516.

Dáse conta do informe do xefe do Servizo de Admón. de Tributos do 20.05.08, conformado pola directora de ingresos, o interventor xeral, que di o seguinte:

A partir dos rexistros contidos no Padrón fiscal de Exaccións Unificadas de Industriais do ano 2007, a Administración de Tributos elaborou o presente padrón fiscal do ano 2008, tomando en consideración os seguintes motivos de variación:

- *declaracións de alta formuladas polos suxeitos pasivos a través de solicitudes de licencias de Actividades e Instalacións.*
- *comunicacións de cambios de titularidade de actividades.*
- *declaracións de baixa de actividades.*
- *recursos de reposición formulados contra recibos e liquidacións do ano 2007 e anteriores.*
- *rectificacións de oficio de datos relativos a locais, actividades e suxeitos pasivos a través de informes tanto de Inspección de Tributos como da Base de datos de contribuíntes.*
- *inclusión de oficio de novos contribuíntes a partir de información extraída do Matricula do Imposto sobre Actividades Económicas.*
- *Actuacións extensivas de carácter inspector conforme ao plan de control tributario para o ano 2008.*

A comparación de número de inscricións deste Padrón Fiscal entre 2006 , 2007 e 2008 arroxa os seguintes datos:

2006	% INC	2007	% INC	2008
------	-------	------	-------	------

19.791	1.91%	20.170	5.02% (1)	21.183
--------	-------	--------	-----------	--------

(1) 2,53% de locais con actividade e 2,48% de locais sen utilización aos que corresponde idéntico tratamento fiscal que as vivendas baleiras, de conformidade co artigo 5.1.3 da Ordenanza fiscal da citada taxa.

A comparación dos importes totais dos exercicios mencionados arroxa os seguintes resultados:

CONCEPTO	2006	% INC	2007	% INC	2008
TOTAL	5.921.219,20	7.53%	6.367.499,09 (*)	4,39%	6.647.175,59
RECOLLIDA DO LIXO	4.882.022,15	7.24%	5.235.821,87 (*)	3,18%	5.402.824,04
ENTRADA VEHÍCULOS	1.013.851,30	9.02%	1.105.343,22	9.66%	1.212.224,60
RESERVA APARCAMENTO	25.345,75	3.89%	26.334,00	21.99%	32.126,95

(*) Importe efectivo trala corrección dun erro na asignación de tarifa a 70 establecementos.

Á vista do anterior, PROPONSE A CONCELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA, en virtude de decreto de delegacións da alcaldía de xullo de 2007 e conforme o artigo 63.2 da Ordenanza fiscal xeral, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

“1.- Aprobalo Padrón fiscal de Exaccións Unificadas de Industriais do ano 2008 (taxa de lixo industrial e comercial e taxas por entradas de vehículos e reserva de aparcamento) por importe total de 6.647.175,59.- Euros (SEIS MILLÓNS SEISCENTOS CORENTA E SETE MIL CENTO SETENTA E CINCO EUROS CON CINCOENTA E NOVE CÉNTIMOS) segundo relación nominal de suxeitos pasivos que comeza pola inscrición nº 35179 que figura a nome de JUAN COMESAÑA E HIJOS S.L. polo establecemento sito en CM ABADE (CORUXO) Nº 4 e remata coa inscrición nº 1900 que figura a nome de RODRIGUEZ LABORDA PILAR polo establecemento sito en R/ ZARAGOZA nº 64, cun total de 21.183 recibos e correspondendo a:

- taxa de lixo industrial 5.402.824,04.- Euros
- entrada vehículos 1.212.224,60. - Euros
- reservas aparcamento 32.126,95.- Euros

2. Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral”

3. Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

A concelleira de Economía e Facenda resolve de conformidade o precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

9(856).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA CONCELEIRA DE ECONOMÍA E FACENDA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DA TAXA DA RECOLLIDA DE LIXO-VIVENDAS DO ANO 2008. EXPTE. 30858/513.

Dáse conta do informe do xefe do Servizo de Admón. de Tributos do 19.05.08, conformado pola directora de ingresos, o interventor xeral, que di o seguinte:

Partindo dos rexistros contidos no Padrón fiscal de Recollida de lixo do exercicio fiscal 2007, a Administración de Tributos elaborou o presente padrón fiscal do ano 2008, tendo en conta os seguintes datos:

- *Cambios de titularidade introducidos na base de datos catastral ata maio 2008.*
- *Cambios de titularidade realizados a partir das autoliquidacións presentadas para os efectos do Imposto sobre Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.*
- *Altas de novas construcións introducidas na base de datos catastral ata maio 2008.*
- *Altas realizadas directamente por esta administración tributaria, baseadas nos informes emitidos polo Departamento da Inspección de Tributos, e nas comprobacións e comparativas efectuadas polo Negociado de Lixo de Vivendas.*
- *Recursos de reposición interpostos contra recibos e liquidacións do exercicio 2007 e anteriores.*
- *Solicitudes presentadas polos cidadáns respecto de exencións e bonificacións.*

Da comparación do número de inscricións deste Padrón Fiscal respecto dos exercicios 2006 e 2007 se desprenden as seguintes porcentaxes:

2006	% INC	2007	% INC	2008
127.204	2,01%	129.763	2,70%	133.276

Así mesmo, da comparativa dos importes totais dos devanditos exercicios fiscais se desprenden os seguintes resultados:

2006	% INC	2007	% INC	2008
8.637.260,63	5.69%	9.129.427,54	5.01%	9.586.679,95

Á vista do anterior, PROPONSE A CONCELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA, en virtude de decreto de delegacións da alcaldía de xullo de 2007 e conforme o artigo 63.2 da Ordenanza fiscal xeral A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

“1.- Aprobar o Padrón fiscal da taxa da recollida do lixo de vivendas do exercicio 2008, por un importe total de 9.586.679,95.- Euros, (NOVE MILLÓNS CINCO CENTOS OITENTA E SEIS MIL, SEISCENTOS SETENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E CINCO CENTIMOS), que consta de 133.276 inscricións, segundo a relación nominal de suxeitos pasivos que comeza pola inscrición nº 101273 que figura a nome de Dª ISABEL ALONSO VALVERDE polo obxecto tributario de CM ABADE (CORUXO) Nº 3, e remata coa inscrición nº 94946 que figura a nome de Dª Mª CONCEPCIÓN FERNÁNDEZ COMESAÑA polo obxecto tributario de CTRA. ZONDAL nº 2.

2. Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral”

3. Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer

contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

A concelleira de Economía e Facenda resolve de conformidade o precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

10(857).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 12/2045, 12/2053, 12/1567, 14/1215, 14/1718, 13/950, 21/1780, 03/1911, 03/157, 11/1760, 03/1321, 21/2005, 21/561, 03/1708, 2/2124, 3/1592, 13/2027, 2/1830.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informe-proposta da traballadora Social Responsable do Programa de SAF, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder o Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D^a. Concepción Mayor Montenegro. Expte. 12/2045.
- D^a. Flora Figueroa Vázquez. Expte. 12/2053.
- D^a. Aurora Ares Suárez. Expte. 12/1567.
- D^a. Celsa Blanco Huerga. Expte. 14/125.
- D^a. Mercedes Dacosta Romariz. Expte. 14/1728.
- D^a. Flora González Porto. Expte. 13/950.
- D^a. M^a Luisa Sellán Egaña. Expte. 21/1780.
- D^a. Purificación Rodríguez André. Expte. 1911/03.
- D^a. Nuria Quereizaeta Costas. Expte. 157/03.
- D^a. Aurea Gregorio Domínguez. Expte. 11/1760.
- D. José Luis Esteban Alonso. Expte. 1321/03.
- D. Raul Pozo Collado. Expte. 21/2005.
- D. Cayetano Domina Consentino. Expte. 21/561.
- D. José M^a. Pereira González. Expte. 1798/03.
- D. Francisco Paredes Gómez. Expte. 2/2124.
- D^a. Felipa Ricarda Plaza Arroba. Expte. 1592/03.
- D^a. Eugenia García Meijueiro. Expte. 13/2027.
- D^a. Jaqueline de la Sierra Domínguez. Expte. 2/1830.

11(858).- CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A OFICINA DO PLAN DE INCLUSIÓN. EXPTE. 28160/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de actividades económicas e secretaria da Comisión de Valoración, do 27.05.08, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Contratar para a oficina do Plan de Inclusión para as persoas que de seguido se indican:

LICENCIADO/A EN PSICOLOXÍA:

Estevez Rodríguez, M^a Begoña DNI: 76 904 434R

LICENCIADO/A EN CIENCIAS DO TRABALLO:

Magadan Pombo, Eva Mª DNI: 36 098 184Y

TRABALLADOR/A SOCIAL:

De la Cruz Álvarez, Marta DNI: 36 112 483E

EDUCADORES SOCIAIS:

Núñez Fernández, Raquel DNI: 36 167 836Z

AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A:

Núñez Fernández, José Luis DNI: 36 084 653E

A modalidade contractual será a de contrato temporal por obra ou servizo de duración determinada, a xornada completa, para as cinco categorías: licenciado/a en psicoloxía, licenciado/a en ciencias do traballo, traballador/a social, educador/a social e auxiliar administrativo/a.

A duración do contrato será ata o 31 de decembro de 2008, data na que remata a vixencia do convenio asinado entre o Concello de Vigo e a Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia (aprobado pola Xunta de Goberno Local do 28 de decembro de 2007).

Pola Unidade de Persoal formalizaranse os contratos correspondentes, alta na seguridade Social e demais trámites necesarios para a efectividade do presente acordo.

2.- Aprobar e dispoñer o gasto dos presentes contratos con cargo a partida 1310001 "Persoal desfavorecidos" do funcional 3130 –Benestar Social-.

3.- Aprobar a seguinte lista de espera pola súa correspondente orde de puntuación, e por cada categoría profesional, para suplir baixas ou posibles eventualidades dentro do servizo de Benestar Social sempre que se precise o mesmo perfil e se cumpran os requisitos para ser contratados/as.

Para a categoría de licenciado/a en dereito:

LICENCIADO/A EN PSICOLOXÍA

PAZO FERNÁNDEZ, Mª JOSÉ

TRABALLADOR/A SOCIAL

VÁZQUEZ MACIAS, LUZ MARÍA

EDUCADORES SOCIAIS

COUÑAGO RICÓN, MARÍA

AUXILIARES ADMINISTRATIVOS

- GONZÁLEZ PÉREZ, MONSERRAT
- GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, MARÍA EMILIA
- DORADO FIDALGO, NATALIA
- COELLO DÍAZ, FRANCISCA
- VÁZQUEZ SOUZA, IRIA
- TAPIOLES VEGA, YOLANDA AMPARO
- RODRÍGUEZ LEYENDA, MAVELIN

4.- Dispoñer que o presente acordo se publique no taboleiro de Edictos da Casa do Concello, significando que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES contado dende a notificación ou publicación do presente, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

12(859).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN CASA DE CARIDADE-HOGAR SAN JOSÉ PARA A ATENCIÓN DAS NECESIDADES BÁSICAS DE PERSOAS EN ESTADO DE NECESIDADE. EXPTE. 29378/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 13.05.08, e de acordo co informe-proposta da xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, do 26.05.08, conformado pola concelleira delegada do Área de Benestar Social e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a concesión dunha subvención directa á Fundación Casa de Caridad -Hogar San José por un importe de 18.000 euros.

2º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración coa entidade “Fundación Casa de Caridade -Hogar San José-”, CIF G 36.626.174, colaboradora co Departamento de Benestar Social, cunha vixencia ata o 31/12/08, para a atención das necesidades básicas de persoas en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos principalmente, polo que se articulan os dereitos e obrigas da subvención de 18.000 euros anuais, con cargo á partida 3130.4890005 –Covenio Comedor da Esperanza- do orzamento de 2008”.

CONVENIO DE COLABORACION COA FUNDACION “CASA DE CARIDAD DE VIGO-FOGAR SAN JOSÉ”

REUNIDOS

Dunha parte D^a Maria Xosé Mendez Piñeiro en calidade de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, por decreto de Delegacion de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007.

Doutra:

Don Ramón Arbones Davila, DNI. n ° 35.918.345 en calidade de Presidente da Fundación Casa de Caridad, NIF G36626174, con enderezo a efectos de notificación en San Francisco 69, e en representación desta.

Ámbalas partes recoñécense mutua capacidade para formalizar o presente convenio e,

MANIFESTAN

Que a Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu art. 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus interese e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade vecinal. Asemade no seu art. 25.2 K expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e reinserción social. Tamén o art. 26.1 establece que os municipios por si ou asociados deberán prestar os servizos sociais (con poboación superior a 20.000 "habitantes-equivalentes").

Que a lei 4/93, de 14 de abril, de servizos sociais de Galicia, sinala como competencias municipais a creación e xestión dos servizos sociais de atención primaria. Estes inclúense dentro da área de comunidade, establecendo

o Decreto 240/1995 do 28 de xullo polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria como obxectivos prioritarios dese nivel de atención ,entre outros, o desenvolvemento de servizos preventivos dirixidos á poboación en xeral e de forma especial a aqueles colectivos que se atopan en situación de risco, así como a inserción social dos membros marxinados e excluídos da comunidade. Este Decreto preve os equipamentos propios dos servizos sociais de atención primaria, e a orde do 25 de xaneiro do 2008, no seu art 3º fala expresamente dos comedores sociais e unidades de hixiene.

Que “Fundación Casa de Caridad (Hogar San José)” ten entre os seus obxectivos a atención e promoción de persoas en desvantaxe social dende o principio da autodeterminación e a promoción persoal e social.

Que a “Fundación Casa de Caridad” adícase á atención das necesidades básicas das persoas excluídas ou en risco de exclusión, proporcionándolles prioritariamente alimentación e aseo persoal.

Que o COMEDOR DE LA ESPERANZA dependente da “Fundación Casa de Caridad” constitúe un equipamento propio dos servizos sociais de atención primaria desta cidade, sendo esta Fundación una entidade sen ánimo de lucro que ven asistindo ás persoas en estado de necesidade dende hai moitos anos en colaboración cos servizos sociais municipais.

Que a Administración Pública pode acordar convenios de cooperación con entidades sen ánimo de lucro para unha xestión común de determinadas actividades. A lei de Servizos Sociais, (4/93 de 14 de abril) no seu artigo 21 establece entre as competencias dos Concellos, a colaboración no fomento dos servizos sociais de carácter local prestados polas entidades de iniciativa social especialmente os que substitúen ou atenden necesidades da poboación non cubertas pola propia administración.

Segundo o exposto, as partes acordan levar a cabo un convenio de cooperación de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.-

O obxecto do presente convenio é establecer un marco de colaboración entre a Fundación Casa Caridad e a Concellería de Benestar Social para o financiamento dun comedor social e unha unidade de hixiene vinculada a este, para a atención de persoas en risco de exclusión social con necesidades de mantención e de hixiene persoal, que residen temporal ou permanentemente neste Concello.

Segunda.-

A finalidade do convenio é colaborar no financiamento do comedor social coñecido como “Comedor da Esperanza” e a súa unidade de hixiene. Este comedor ofrecerá servizo de almuerzo ou xantar para persoas con necesidade de alimentación e servizo de duchas e roupeiro que cubra as necesidades básicas de hixiene, roupa e calzado que poidan presentar as persoas usuarias, etc. Ó longo do ano realizarán unha actividade convivencial de un día de duración, fora do concello para o que utilizarán un medio de transporte.

Ó comedor poden acudir as persoas directamente ou derivados polos servizos sociais de atención primaria do Concello.

Terceira.-

A vixencia deste convenio prevese para as actividades realizadas polo beneficiario durante o ano 2008.

O presente convenio extingúese igualmente en caso de incumprimento dos compromisos adquiridos no mesmo. Neste caso deberán reintegrarse as cantidades que se houberan percibido como achega económica do mesmo e que non fosen destinadas ao fin previsto.

O persoal técnico do servizo de Benestar Social será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que e poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

Cuarta.-

Este comedor social é cofinanciado pola Fundación “Casa de Caridad” e o Concello a través da Concellería de Benestar Social.

Polo período de vixencia do convenio, o Excmo Concello de Vigo, aportará a cantidade de 18.000€ con cargo ao programa de gastos 3130, partida 4890005.

Os pagamentos efectuaranse dos seguinte xeito:

- 50% da cantidade total á sinatura do convenio; pago anticipado previo á xustificación, como financiación necesaria para levar a cabo as actuacións inherentes a subvención.
- 25% adicional ó rematar o mes de xullo, unha vez sexan xustificadas os gastos realizados polo importe do 75% do total do convenio e sexan certificados de conformidade polo funcionario responsable do programa.
- 25% restante unha vez xustificadas os gastos realizados e sexan certificados de conformidade polo funcionario responsable do programa.

A Fundación Casa de Caridad de Vigo comprométese a presentar antes do día 30 de xaneiro de 2009, xustificación do cumprimento do convenio no Rexistro Xeral do Concello, con destino ós Servizos Sociais.

A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, que contera memoria de actuación xustificativa e memoria de económica xustificativa.

Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coas actuacións obxectivo do convenio e recollidos no orzamento presentado pola Fundación Casa de Caridad de Vigo para o exercicio da subvención.

Documentos que conformarán a xustificación de subvención:

1.- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxectos ou actividades subvencionadas.

2.- Unha memoria económica xustificativa do custe da actividade subvencionada que comprenderá:

- Unha relación clasificada de gastos vinculados á subvención, asinada e datada polo beneficiario da subvención, na que conste de xeito expreso a conformidade coas facturas que se achegan.
- Facturas orixinais e demais documentos con valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, recollidas na relación anterior. As facturas terán que reunir as condicións previstas no RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir factura que incumbe a profesionais e empresarios.
- Unha declaración de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social utilizando o réxime simplificado de acreditación do artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
-

Nos documentos xustificativos de subvención que comprenden os gastos vinculados de forma directa ao exercicio 2008 non terá que constar de forma expresa se os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinado nesta convocatoria.

Para posibilitar o control de concorrencia de subvencións, ou cando a entidade solicitante demande o orixinal presentado, as facturas e documentos poderán marcarse cunha estampilla, indicando na mesma a subvención para a que se presenta como xustificante e se o importe se imputa total ou parcialmente á mesma, indicando neste caso a contía exacta que resulte afectada. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado.

Quinta.-

A “Fundación Casa de Caridad de Vigo” poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral destas persoas co Concello.

Sexta.-

A “Fundación Casa de Caridad de Vigo” comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade e riscos laborais tanto para os usuarios/as como o persoal do servizo facéndose responsable dos danos e prexuízos que se poidan derivar do seu incumprimento.

Sétima.-

Como mecanismo de coordinación na aplicación do presente Convenio e para facer efectiva unha colaboración-supervisión crearase unha Comisión Mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas da actividade, seu funcionamento, coordinación e solución de controversias e que estará composta por dúas persoas da Fundación Casa da Caridad e dous técnicos/as deste Concello, presidida polo Concelleiro/a de Benestar Social

Oitava.-

O Concello poderá subscribir os convenios que crea adecuados coas distintas asociacións e administracións para este mesmo fin sen que isto altere o previsto neste convenio.

Novena.-

O Concello de Vigo resérvase exclusivamente a formulación de todo tipo de publicidade ou información nos medios de comunicación social das actividades obxecto deste convenio.

Décima.-

A concesión de subvención ao amparo da presente convocatoria será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade, sempre que o importe global das mesmas non supere o custe total do servizo.

Undécima.-

A lexislación aplicable é a que se sinala o artigo 5 da LXS, que se refire ao réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletorio que resulta da súa disposición final primeira; e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo de 2006; a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2008; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.

13(860).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO GRUPO DE ESTUDIOS SOBRE A CONDICIÓ DA MULLER ALECRÍN PARA GARANTIR O LIBRE ACCESO DO PÚBLICO EN XERAL Ó “CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E BIBLIOTECA ALECRÍN”. EXPTE.3314/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 22.04.08, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 31.03.08, conformado pola concellería de Igualdade e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobado a sinatura do “Convenio de colaboración entre o Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller Alecrín e o Concello de Vigo para garantir o libre acceso do público en xeral ó “Centro de Documentación e Biblioteca Alecrín”.

2º.- Autorizar á Concelleira de Igualdade para que o asine en representación do Concello de Vigo.

3º.- Autorizar o gasto de 24.000,00 euros (vinte e catro mil euros) con cargo á partida presupostaria “Convenio co Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller Alecrín” 463.2.489.00.03 do presuposto vixente para facer fronte aos gastos derivados da execución do presente convenio.

4º.- Aprobar o texto que de seguido se dí:

En Vigo, na casa do Concello, o día de de dous mil oito,

R E Ú N E S E:

Dunha parte, D^a Iolanda Veloso Rios, Concelleira de Igualdade do Concello de Vigo, en nome e representación deste.

Doutra D^a Ana Míguez Vigo, co DNI núm. 35.988.073, en representación do Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller Alecrín.

As dúas partes recoñécense capacidade legal e representación suficiente para suscribir o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA GARANTIR O LIBRE ACCESO DO PÚBLICO Ó “CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E BIBLIOTECA ALECRÍN” ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O GRUPO DE ESTUDIOS SOBRE A CONDICIÓN DA MULLER ALECRÍN.

de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten como finalidade garantir o libre acceso do público en xeral ó “Centro de Documentación e Biblioteca Alecrín” (CDBA)

O CDBA conta cun material inventariable que se achega ó programa, e que se detalla no Anexo I, con especificación do adquirido con subvención municipal.

O CDBA ocupa un local sito na rúa de García Barbón número 30-5º ofic.8

O CDBA deberá realizar, entre outras actividades indicadas na programación do Anexo IV, as seguintes:

1. Difusión selectiva da información ó conxunto das asociacións de mulleres de Vigo e ós centros de ensino públicos.
2. Artellar o servizo de teledocumentación
3. Realizar o labor de seguimento do BOE, BOP, e DOG dos temas de interese relacionados coa muller e de interese específico desta Concellería.
A información difundiráselles ós organismos mencionados nun prazo non superior a unha semana que contará desde a publicación da convocatoria.
4. Mantemento e actualización da paxina Web do CDBA na que se deberán publicitar os seus servizos e xeito de acceso.

SEGUNDA.- PERIODO E GASTO SUBVENCIONABLE

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, terá vixencia desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2008. Serán gastos subvencionables os que se produzan durante todo o exercicio 2008 e que se relacionan no orzamento presentado pola Asociación Alecrín segundo Anexo VI.

TERCEIRA.- OBRIGAS DO GRUPO DE ESTUDIOS SOBRE A CONDICIÓN DA MULLER ALECRÍN

1.- Non estar incurso nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, polo que presentará debidamente cumplimentada e asinada a declaración que se acompaña no Anexo V

2.- A entidade beneficiaria da axuda comprométese a concurrir a todas as convocatorias das administracións públicas cuio obxecto sexa o comprendido no obxecto do presente convenio, así como a solicitar ante a Xunta de Galicia a inclusión da “Biblioteca- Centro de Documentación Alecrín” na rede de Bibliotecas de Galicia.

3.- O Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller Alecrín comprométese a facilitar a memoria avaliativa final e o seguimento económico dos servizos trimestralmente, xunto coas facturas orixinais dos gastos: persoal, aluguer do local, consumos, material funxible, mantemento da páxina web, etc.

4.- No equipo que atenda o Centro de Documentación e Biblioteca Alecrín debe haber, polo menos, unha bibliotecaria titulada.

5.- O Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller Alecrín deberá planificar o gasto de xeito que priorice o pagamento regular do persoal asalariado.

6.- Calquera cambio no equipo, infraestrutura e persoal do CDBA debe ser comunicado con antelación previa á Concellería de Igualdade.

7.- A propiedade, titularidade, xestión e dirección do CDBA correspóndelle o Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller Alecrín, que se responsabiliza da plena adecuación das súas instalacións á normativa vixente sobre locais de uso cultural e público.

8.- O servizo ó público será gratuíto e o servizo de préstamo a domicilio regularase de acordo coas normas que se unen no Anexo II. Respetarase a legalidade vixente que marca as posibilidades de facer reproducións parciais ou totais de libros. Participarase en todo tipo de actividades de colaboración inter-bibliotecaria. Manterase a páxina Web do CDBA na que se publiciten os seus servizos e xeito de acceso.

9.- A lingua galega empregarase con carácter xeral, tanto na fala como na documentación interna e pública referente á prestación deste Servizo, segundo o previsto na Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

10.- A beneficiaria só está autorizada a concertar con terceiros/as as actividades que non sexan prestacións de carácter persoal, salarios, etc. como son: publicidade, formación, mantemento da páxina Web, etc, segundo o previsto no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións.

11.- Todas as actividades desenroladas pola Asociación na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de continxencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma; a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplan a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social así como da posible responsabilidade civil.

12.- As obrigas do “Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller Alecrín”, como beneficiaria da axuda, serán, ademais das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo

14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, d e21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO / XEITO DE PAGO

O Concello de Vigo comprométese ó pagamento de 24.000,00 Euros a favor do “Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller-Alecrín” con CIF: G.36.633.154 (vinte e catro mil euros) para o funcionamento do CDBA durante o ano 2008.

O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en tres partes:

a) A primeira por importe de 8.000,00€ coa firma do presente convenio.

b) A segunda por importe de 8.000,00€ no mes de xuño previa a entrega do informe de avaliación da actividade e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.

c) A terceira por importe de 8.000,00€ no mes de decembro, previa a certificación do Servizo municipal de igualdade acreditando o cumprimento do convenio, unha vez se achegue a memoria anual do servizo e os xustificantes orixinais de gasto polo resto da axuda pendente de xustificar.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no convenio de colaboración deberá documentarse en forma de conta xustificativa (relación clasificada de gastos totais da actividade, con identificación do/a acredor/a e do documento, o seu importe e data de emisión), á que deberá achegar os xustificantes de gasto ou calquera outro documento de validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención, así como deberá incorporar unha certificación actualizada sobre as axudas solicitadas e/ou percibidas polo mesmo obxecto do convenio. Estes gastos deberán ser xustificados mediante a presentación de orixinais de facturas e xustificantes de pagos efectuados á Seguridade Social e/ou a outras entidades aseguradoras. A súa presentación se realizará, como máximo, no prazo de tres meses desde a finalización do prazo para a realización da actividade subvencionada (artigo 30 da Lei Xeral de Subvencións)

Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o selado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2004 LXS) da factura orixinal indicando na mesma o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante imputase total ou parcialmente á subvención recibida, indicando neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención, Posteriormente incorporará ao expediente copia do xustificante orixinal selado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

SEXTA.- HORARIO

O horario do CDBA será o establecido no Anexo III, de 9,30 a 13,30 e de 16,30 a 20,00 horas, de luns a xoves, e de 9,30 a 14,30 os venres, na duración do convenio.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN/PUBLICIDADE

Toda a difusión que realice o CDBA ó exterior por calquera medio así como a publicidade, incluída a paxina Web, deberá levar os logotipos do Concello de Vigo e da Concellería de Igualdade coa lenda "CONCELLERÍA DE IGUALDADE" en lugar preferente. De calquera xeito, toda a publicidade deberá contar co visto e prace previo da Concellería de Igualdade.

Na prestación das actividades suxeitas ó presente convenio o CDBA deberá informar necesariamente ós/as beneficiarios/as sobre o presente convenio e os obxectivos do mesmo.

OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Créase unha Comisión de Seguimento do presente convenio integrada por dúas representantes do Grupo de Estudos da Condición da Muller-Alecrín e por Dna. Iolanda Veloso Rios, concelleira de igualdade quen a presidirá e Dna. Cristina Gómez García, xefa do servizo de Igualdade, representantes do Concello de Vigo.

Esta comisión resolverá os problemas que suscite este convenio na súa execución, garantirá o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos, proporalle as entidades outorgantes formas de aumentar a súa eficacia, e reunirse cando así o estimen oportuno.

NOVENA.- INCUMPRIMENTO DESTE CONVENIO

O incumprimento deste convenio por parte do Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller Alecrín suporía a súa revogación total ou parcial, e as correspondentes penalizacións económicas.

DÉCIMA.- INTERPRETACIÓN DO CONVENIO

A interpretación do presente convenio é competencia da Xunta de Goberno Local, logo de escoitar á comisión de seguemento.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PERCEPCIÓN DOUTRAS SUBVENCÍONS

O Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller Alecrín declara baixo a súa responsabilidade, a través da presentación cumplimentada e asinada do Anexo V, non percibiren subvención ningunha por estes mesmos conceptos, no período que abrangue ó presente convenio. De percibiren algunha será comunicada expresamente ó Concello para ser deducido o seu importe, se procede, da axuda concedida.

DÉCIMO SEGUNDA.- CLÁUSULA FINAL

En todo aquilo non previsto no presente convenio estarase ao establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En proba de conformidade e aceptación das cláusulas, asinan as comparecentes perante do Secretario Xeral do Concello de Vigo, que da fe, o día sinalado ó principio”.

14(861).- CONVALIDACIÓN DE GASTO POR IMPORTE DE 19.502,67 € A FAVOR DO GRUPO DE ESTUDIOS SOBRE A CONDICIÓN DA MULLER-ALECRÍN POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO NA CASA DE ACOLLIDA DE MULLERES MALTRATADAS. EXPTE. 3397/224.

A Xunta de Goberno local retira este punto.

15(862).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE NO MES DE ABRIL DE 2008. EXPTE. 5770/306.

Mediante providencia de data 26.04.08, a concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo dá conta da relación de expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Medio Ambiente durante o mes de abril de 2008, e que son os seguintes:

Expte	Partida	CM	Asunto	Adxudicatario	Data Decreto	Data RC	Importe
5588/ 306	4450.227.06.06	AT	Elaboración de carnés de licenzas e inscricións	Temperans&Animals, SL	03/ 04/ 2008	07/ 04/ 2008	999,92 €
5663/ 306	4450.226.02.00	AT	Divulgación campaña ruta ás estrelas	Ecovigo Publicidad, SL	08/ 04/ 2008	10/ 04/ 2008	952,48 €
5701/ 306	4450.227.06.00	AT	Realización censo das colonias nidificantes de gaiavota patiamarela e dun inventario e zonas concentración pombas	Arcea Xestión de Recursos Naturais, SL	28/ 04/ 2008	29/ 04/ 2008	12.000,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(863).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A LA CASA DE ANDALUCÍA CONSTITUIDO POLA CELEBRACIÓN DA XX FEIRA DE ABRIL. EXPTE. 74665/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta da xefa do servizo de Transportes, do 19.05.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución do aval achegado en data 10 de abril de 2008 , pola Casa de Andalucía en Vigo , co NIF G: 36621290 , por un importe de 4000 €

para responder dos posibles danos con motivo da celebración da XX FEIRA DE ABRIL os días 17 ao 20 de abril de 2008, por non producirse danos na vía pública.

17(864).- OUTORGAMENTO DE SUBVENCIONES PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DE PARTICIPACIÓN CIUDADÁ E DESENVOLVEMENTO SOCIOCOMUNITARIO PARA O ANO 2007. EXPTE. 3303/320.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Atención e Participación Cidadá, do 26.05.08, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de 21 de maio de 2007, aprobou a concesión de “subvencións para o fomento de actividades de Participación Cidadá e desenvolvemento sociocomunitario para o ano 2007” (Expte: 3303-320), no que se relacionaba no posto 52 unha subvención para á “Asociación de ayuda al drogodependiente Erguete”, por un importe de 1.589,43 € para o proxecto “Respiro Familiar: cursos de bolillos, calceta e ganchillo, tai-chi, arte floral, informática básica e manualidades”.

Unha vez examinado o expediente de solicitude da citada subvención, apreciouse un erro material involuntario na transcripción do CIF da entidade beneficiaria, xa que en lugar do CIF correspondente á “Asociación de ayuda al drogodependiente Erguete” (CIF: G-36642726) faise mención ao CIF da “Fundación Erguete (G-36861078)”.

Tendo en conta, o erro producido por este servizo no momento do outorgamento de subvencións, e a teor do establecido no art. 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo, remítase dito expediente á Xunta de Goberno Local para que adopte o seguinte acordo:

Corrección do acordo de concesión de “subvencións para o fomento de actividades de Participación Cidadá e desenvolvemento sociocomunitario para o ano 2007”, modificando o CIF erróneo que consta para “Asociación de ayuda al drogodependiente Erguete” (CIF: G36642726), e deixando en vigor todo o acordo restante da Xunta de Goberno Local do pasado 21 de maio de 2007:

	CIF	ASOCIACIÓN	PROXECTO	TOTAL PUNTOS	CUSTE PROXECTOS	SOLICITAN	PROPOSTA
52	G-36642726	Asociación de ayuda al drogodependiente Erguete	Proxecto respiro familiar: bolillos, calceta e ganchillo, tai-chi, arte floral, informática básica, manualidades.	34	9.000 €	6.300 €	1.589,43 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(865).- PROXECTOS DE CONSTRUCCIÓN DOS APARCADOIROS DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, JENARO DE LA FUENTE E AVDA. DE CASTELAO. EXPTE. 18201/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 27.05.08, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).*
- *Prego de prescricións técnicas que rexerá no concurso para a adxudicación por procedemento aberto dun contrato de xestión de servizos públicos con execución de obra para a construción e posterior explotación, en dous lotes de tres, de seis aparcadoiros mixtos (rotatorio e residentes) en diferentes lugares da cidade de Vigo (PPT).*

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 21 de maio de 2007, acordou a adxudicación do lote 2 do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao á favor da mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., segundo o prego de cláusulas técnicas e administrativas e os anteproxectos aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2006, formalizándose o contrato en data 10 de outubro de 2007.

COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A. presentou os proxectos definitivos dos aparcadoiros en data 25 de xaneiro de 2008.

Co fin de determinar se os mesmos foron elaborados con suxeición o prego de cláusulas técnicas e administrativas e a proposta formulada polo adxudicatario recabáronse informes técnicos ós departamentos municipais implicados, así:

- *Informes do Servizo de Electromecánicos, de data 29/02/2008.*
- *Informe do Servizo de Limpeza, de data 29/02/2008.*
- *Informe do Servizo de Vías e obras, de data 01/04/2008.*
- *Informe do Servizo de Montes, parques e xardíns, de data 07/04/2008.*
- *Informe da Oficina Supervisión de proxectos e inspección de obras, de data 07/04/2008.*
- *Informe da Área de Servizos Xerais, de data 07/04/2008.*
- *Informe do Sr. Xefe da Área de mobilidade e seguridade, de data 20/05/2008.*
- *Informe do Sr. Xefe dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de urbanismo, de data 26/05/2008.*

Dos presentes informes se lle deu traslado á concesionaria, que presentou documentación complementaria en datas 16 e 20 de maio de 2008.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Unha vez outorgada a concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de maio de 2007 á mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., o concesionario ten a obriga de presentar os proxectos de construción subscritos por técnico titulado superior competente no prazo dos tres meses seguintes á formalización do contrato (artigos 5.2 PCAP e 2.6 PPT).

Os proxectos de construción, redactados polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Enrique Urcola Fernández-Miranda, con visados do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da demarcación de Galicia de datas 08/02/2008 (Rosalía de Castro e Jenaro de la Fuente) e 11/02/2008 (Castelao), foron presentados pola mercantil concesionaria en data 25/01/2008.

Tras ser presentados estes proxectos en prazo corresponde agora á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, decidir sobre a súa aprobación (artigo 44 PCAP). Esta aprobación require a emisión previa de informes polos servizos municipais implicados, que terán en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario, así como a normativa técnica que resulte de aplicación (artigo 5.3 PCAP). Así, durante a tramitación deste procedemento recabáronse informes dos servizos municipais de mobilidade e seguridade; electromecánicos; vías e obras; montes, parques e xardíns; limpeza; supervisión de proxectos e inspección de obras e os servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Destes informes se lle deu traslado á UTE concesionaria, e en resposta as pontoalizacións ós proxectos contidas nos mesmos, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A. presenta tanto alegacións como documentación complementaria en datas 16 e 20 de maio do presente ano, con visados do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da demarcación de Galicia de datas 14/05/2008 e 19/05/2008.

-II-

Os proxectos de construción deberán axustarse as especificacións técnicas contidas no prego de prescricións técnicas, que determina as directrices que deberán seguirse ó redactalos e a obriga de que se axusten ó previsto no regulamento xeral de contratación (cláusula 2.6 PPT). Circunstancias que deben ser comprobadas polos diferentes servizos técnicos municipais.

COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A. estrutura a súa resposta referíndose individualmente ós puntos tratados nos informes técnicos municipais. Algunhas das obxeccións plantexadas son aceptadas de plano, introducíndose nos proxectos as correccións oportunas. No entanto, a xuízo da concesionaria, estes informes, ademais de recoller estas deficiencias, inclúen melloras que, ó seu parecer, non están previstas nos pregos de condicións administrativas particulares e de prescricións técnicas nin foron ofertadas na súa proposta ó participar no concurso para a adxudicación do contrato, melloras que considera que, de realizarse, deberían ser aboadas polo Concello. Neste senso, estrutura o seu escrito relacionando os diferentes informes dos servizos e distinguindo nos mesmos o que considera deficiencias ou erros, que procede a corrixir, e o que considera melloras.

O enxeñeiro municipal encargado da supervisión das obras dos aparcadoiros, en informe de data 26 de maio de 2008, con relación á estes extremos manifesta que “No que respecta os puntos dos informes rexeitados pola concesionaria, entendo que debe estimarse dito rexeitamento, xa que as peticións rexeitadas ou incumpren o Prego, ou non son posibles tecnicamente, tal como aclara a concesionaria nas súas alegacións”. Se ben opina que algunha das melloras rexeitadas, merece ser considerada con mais deteñemento, como o aumento da sección do colector en Jenaro de la Fuente, concluíndo que “o Concello debería considerar financiar o aumento que resulte do cambio da sección”. Considera tamén que deberá procederse o estudo de de novas alternativas ó desvío perimetral dos colectores en Rosalía de Castro.

Continúa o escrito da concesionaria cunha xustificación das melloras ofertadas na súa proposta ó participar no concurso de adxudicación e manifesta que xa foron incluídas nos presupostos dos Proxectos de Construción.

-III-

O prego de cláusulas administrativas particulares esixe o concesionario presentar ó Concello un Plan de realización de obras un mes antes do inicio das obras de construción dos respectivos aparcadoiros, plans que serán mantidos durante a fase de construción e que serán resultado de completar os aportados polo adxudicatario na súa oferta (artigo 48.1 PCAP). Téndose presentado estes plans coa documentación relativa os proxectos de construción (Anexo nº 15), e tras o informe favorable do enxeñeiro municipal supervisor das obras, procede a súa aprobación conxuntamente coa dos citados proxectos de construción.

-IV-

Dado que unha vez aprobados os proxectos de construción é preciso comprobar o replanteo dos mesmos, no prazo dun mes dende a súa aprobación, procede acordar a realización deste acto. O replanteo consistirá en comprobar a realidade xeométrica da obra e a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa normal execución, así como cantos supostos figuren nos proxectos aprobados e sexan básicos para a execución da obra. Ó mesmo deberán asistir a dirección facultativa, un representante do concesionario e outro da Administración asistido por un técnico municipal. Do seu resultado se levantará a correspondente acta (artigos 129 LCAP e 47 PCAP).

-V-

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no artigo 127.1.f LBRL.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar os proxectos de construción dos aparcadoiros das rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao presentados por COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A. en data 25/01/2008 e redactados polo polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Enrique Urcola Fernández-Miranda, con visados do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da demarcación de Galicia de datas 08/02/2008 (Rosalía de Castro e Jenaro de la Fuente) e 11/02/2008 (Castelao) e a documentación complementaria.

2º.- Estimar as alegacións da concesionaria con respecto ás melloras propostas polos servizos municipais e non aceptadas por esta.

3º.- Solicitar de AQUALIA, empresa concesionaria do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo, a realización, con carácter urxente, dun estudo sobre a capacidade dos colectores da rúa Jenaro de La Fuente, afectados polo aparcamento soterrado, tendo en conta o desenrolo urbanístico futuro da área da conca que verte neles. No suposto de que resulte necesario o aumento da sección dos mesmos, deberá tramitarse o expediente de contratación que proceda, polo departamento municipal correspondente.

4º.- Aprobar os Plans de realización de obras relativos ós aparcadoiros das rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao presentados pola UTE Eloymar-Tranvías conxuntamente cos proxectos de construción (anexo nº 15).

5º.-Proceder a comprobación do replanteo dos proxectos de construción no prazo do mes seguinte á aprobación do presente acordo, acto ó que asistirán a Dirección Facultativa, un representante do concesionario e outro da Administración asistido por un técnico municipal. Deste acto se estenderá a correspondente acta.

6º.- Dar traslado do presente acordo á Concesionaria e ós servizos municipais implicados.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(866).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO DA CAMPAÑA DE INFORMACIÓN DA ACTIVIDADE MUNICIPAL VIGO 2008-2009. EXPTE. 4504/101.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 21.05.08, conformada pola xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Ecovigo Publicidad, S.L. o concurso para a contratación da campaña de información da actividade municipal Vigo 2008-2009 (Expte. 4504/101) por un importe de 420.000 euros e coas seguintes melloras:

- Inxerción dos anuncios nos xornais en páxina impar e módulos a cor.
- Completa o plan de medios con insercións na edición local de Vigo do periodico gratuíto Que e no medio televisivo inclusión das desconexións locais da TVG.

Todo iso de acordo cos pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 18-02-2008 e a oferta presentada.

20(867).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLES PARA A FLOTA MUNICIPAL 2008-2009. EXPTE. 5357/445.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 21.05.08, conformada pola xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Cepsa Comercial Galicia, S.A. o concurso para a subministración de combustibles para a flota municipal (Expte 5357-445) por un prezo total para os dous anos iniciais do contrato de 563.560 euros e uns descontos por litro de gasóleo A de 0,0295 euros, de gasoleo C de 0,0215 euros e de gasolina sen chumbo de 95 octano s de 0,0245 euros. Todo iso de acordo cos pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 26-02-2008 e a oferta presentada.

21(868).- ADXUDICACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A COORDINACIÓN DA SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DOS PROXECTOS DE INVERSIÓN DE ABASTECEMENTO E SANEAMENTO DO EXERCICIO 2008. EXPTE. 54891/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 21.05.08, conformada pola xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Galaicontrol, S.L. o procedemento negociado para a contratación da asistencia técnica para a coordinación da seguridade e saude das obras dos proxectos de inversión en abastecemento e saneamento do exercicio 2008. (Expte 54891-250) por un prezo de 29.900 euros. Todo iso de acordo cos pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 17-03-2008 e a oferta presentada.

22(869).- ADXUDICACIÓN SA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS DE OBRAS DE HUMANIZACIÓN DO ENTORNO POVISA FASE I. EXPTE. 54826/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 17.04.08, conformada pola xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Plans Estratéxicos Territoriais de Transportes e Ambientais, S.L. o procedemento negociado para a contratación da asistencia técnica para a redacción de proxectos de obras humanización entorno Povisa-Fase I (Expte. 54286/250) por un importe de 28.800. Todo iso de acordo co proxecto e o prego de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 04-02-2008 e a oferta presentada.

23(870).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE XESTIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA. EXPTE. 18331/240.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnico de Admon. Especial do 13.05.08, conformado polo concelleiro delegado de Contratación, a xefa de Fiscalización e o interventor xeral, que di o seguinte:

Polo servizo de educación remiten a este servizo o expediente nº 7111/332 de contratación da xestión da escola municipal de música para prorroga e revisión de prezos.

A Xunta de Goberno local, en sesión de 2 de outubro de 2006, acordou adxudicar a Trobeiro S.L., o concurso para a xestión da Escola Municipal de Música, por un importe de 368.000,00 euros/ano e un prezo hora de prestación do servizo de 32 euros, todo iso de acordo co prego de condicións aprobados pola Xunta de Goberno local de 28 de agosto de 2006 e a oferta presentada.

Na cláusula 4 do contrato administrativo firmado entre as partes establececese que o prazo do contrato será de dous anos, a contar dende o 2 de outubro de 2006, prorrogable por periodos anuais ata un máximo de dous.

Na cláusula 3.2 do prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de asistencias técnicas polo Excmo. concello de Vigo, modificado según informe da asesoría xurídica de 11 de agosto de 2006, establece que o prezo da contratación será obxecto de revisión, cando deste xeito se determine a súa procedencia, conforme ó indicado nos apartados 9.1 e 9.2 da FEC. A súa aplicación aterase ó previsto nos artigos 103 e 104 do TRLCA.

No apartado 9.2 da FEC establece que procederá a primeira revisión de prezos transcurrido un ano dende a data de inicio do contrato e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no periodo que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas.

Según se establece no contrato administrativo a data de inicio do contrato será o 2 de outubro de 2006, polo que a primeira revisión procederá a partir do 2 de outubro de 2007, e obterase aplicando ó prezo de adxudicación (368.000,00 euros) o incremento do IPC no periodo comprendido entre setembro de 2006 (data de apertura de proposicións) e setembro de 2007, ascendendo éste según informe do INE a 2,7%.

Prezo contrato revisado= 368.000,00 X 1,027 = 377.936,00 euros/ano.

Prezo hora revisado = 32,00 X 1,027 = 32,86 euros/hora.

En canto á prorroga do contrato na cláusula 2.3 do prego tipo de cláusulas administrativas particulares, remítese o establecido no apartado 7.1.2 da FEC, contando dende o día que se fixe no documento administrativo de formalización do contrato (02/10/2006), polo que a primeira prorroga do contrato prevista, a vista do informe do Xefe do servizo de Educación, sería a contar a partir do 2 de outubro de 2008 ata o 2 de outubro de 2009.

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local, previo informe a Intervención Xeral, a adopción do seguinte ACORDO

Primeiro.- Aprobar a revisión de prezos do contrato de xestión da Escola Municipal de Música, adxudicado á empresa Trobeiro S.L. por acordo da Xunta de Goberno Local de de 2 de outubro de 2006, establecendo o mesmo dende o 2 de outubro de 2007 na cantidade de 377.936,00 euros/ano e o prezo hora de prestación do servizo na cantidade de 32,86 euros.

Segundo.- Aprobar a primeira prorroga do contrato, según o establecido no apartado 2.3 do prego tipo de cláusulas administrativas particulares, polo periodo comprendido entre o 2 de outubro de 2008 ata o 2 de outubro de 2009.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(871).- ALLEAMENTO DE 33 VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 2257/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 21.05.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Enaxenar para chatarra a Vigoto Uno, S.L (Vigototal desguaces) e por un prezo de 1.800 euros os 33 vehículos relacionados no expediente 2257/241.

25(872).- RECLAMACIÓN DE D^a. JUANA MARÍA RAMIRO GARCÍA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.1842/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Xeral do 22.05.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona Juana María Ramiro García presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de data 11 de decembro de 2007, no que expón que o día 5 do mesmo mes, mentres camiñaba polo Camiño Baixada á Praia en Saiáns debido ó lamentabel estado no que se atopa unha parcela municipal á altura do número 65 da vía, por acumulación de escombros e restos de poda, tivo un accidente causándose lesións consistentes en: un retorzón do pé dereito, negróns no seu brazo dereito e xeonllo esquerdo, e segue co mal do pé, tendo noticia de que unha veciña do lugar presentara unha denuncia.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do Servizo de Medio Ambiente de 13 de novembro de 2007, conforme xirouse Inspección medioambiental, requiridos telefónicamente por unha veciña con domicilio no número 65 do lugar, atopándose cantidade de restos de poda e recollendo as manifestacións do encargado de Cespa de que no lugar atópanse pastando cabalos que son propiedade da titular da anterior vivenda.*
- *Informe do Inspector de Medio Ambiente de data 8 de xaneiro de 2008, achegando fotografías, conforme se comproba que as anomalías da parcela foron subsanadas.*
- *Informe da Oficina do Inventario municipal de 15 de abril de 2008 conforme o terreno é de titularidade municipal..*
- *Evacuase trámite de audiencia á reclamante en data 18.4.2008, que non fai alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o que os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel e economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- .-Nos expedientes de responsabilidade patrimonial é requisito necesario que a efectividade do dano veña probada, requisito que a xurisprudencia di que opera para acreditar todos e cada un dos elementos interviñentes na produción do dano e na xeración do correlativo dereito a ser indemnizado, correspondéndolle o interesado a carga da proba e a súa conexión causal co funcionamento de servizo.

No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal supremo (STS 25/01/1974 ou 5.11.1974) consonte a que a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, , resulta que non resultan probados os danos polos que se reclama, por canto a efectos de proba soamente se achegan partes de incapacidade laboral, , tendo lugar a baixa o día 12 do mes cando segundo se di os feitos acaeceron o día 5, sen que conste a causa da baixa, nin especificación médica das lesións, nin tampouco se acredite o necesario nexos causal entre éstas e o accidente padecido. E as simples manifestacións do interesado nestes expedientes, como ten dito o Consello consultivo de Galicia en supostos similares (ditame nº 461/2006) carecen dunha mínima eficacia probatoria.

Por todo o que, ó faltar a acreditación do primeiro requisito que a lei esixe, e sen entrar noutras consideracións, procede desestimar a reclamación presentada.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona Juana María Ramiro García por un accidente ocorrido o 5 de decembro de 2007 no Camiño Baixada á Praia núm. 65 de Saiáns.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(873).- RECLAMACIÓN DE D^a. ROSA GÓMEZ TORRE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.1221/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Xeral do 22.05.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona Rosa Gómez Torre presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello 18.9.2006 , no que expón que, o día 12.9.2006 , cando se dispoñía a cruzar a rúa tledo, á altura do se núm. 2, tropezou cun adoquín da beirarrúa que se atopaba saído do seu sitio, a consecuencia do que tivo lesións físicas e tamén estropeou as súas gafas.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do Servizo de vías e obras de data 19.9.2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente.*
- *Informe do Servizo da policía local de data 18.10.2006, no que manifestan non tern constanza dos feitos denunciados.*
- *Ditame para valoración de danos corporais da Asesoría médica do Concello, de data 30.1.2007.*
- *Intentada práctica de proba testemuñal en data 16.5.2007, non se practicou por incomparecencia da persoa citada.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante en data 31.3.2008, que non fai alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.-. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulacón, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal supremo (STS 25.01.1974 ou 05.11.1974).

De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da

deambulaci3n, dar3 lugar 3 obxectivaci3n dun v3nculo que enlaza o funcionamento do servizo p3blico en xogo co lesivo resultado final producido.

Segundo.- A carga da proba do dano avali3bel economicamente e singularizado e a s3a conexi3n causal co funcionamento dun servizo corresp3ndelle 3 reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensi3n 3 Administraci3n (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993).

Non obstante, a3nda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administraci3n est3 presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucci3n necesarios para a determinaci3n, co3necemento e comprobaci3n dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuaci3ns do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- O d3a 12.9.2006 a reclamante recibiu asistencia m3dica no Servizo de urxencias do Sergas por lesi3ns que segundo o ditame m3dico solicitado 3 efecto se valoran en 264,00 euros.
- Non consta acreditado o deterioro de lentes que se alega, por canto a estes efectos non 3 suficiente achegar un presuposto de compra, e requirida 3 reclamante para que se presentara nas dependencias do Concello coas lentes deterioradas e presuposto dun modelo similar, non o fixo.
- Do accidente, que segundo o reclamante tivo lugar na r3a Toledo, 3 altura do n3mero 2, non hai testemu3as directas, e a polic3a local tampouco acudiu 3 lugar.
- De conformidade co informado polo Servizo de v3as e obras e fotograf3as que con 3ste informe se achegan, no lugar onde a reclamante di que caeu hai un pliegue na beirarr3a producido polo rebaixe do paso peonil sit3ado no lugar, coa loseta sobresa3nte, e p3dese ver a 3 m.

De todo o anterior, resulta que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestaci3ns do interesado, de que o accidente ocorreu no d3a des lugar que el indica, , por canto non houbo testemu3as directas dos ditos feitos e o certificado m3dico que se achega ref3rese a unha ca3da segundo ref3re a paciente, polo que, como ten dito o Consello consultivo de Galicia en suposto similar (ditame n3 461/2006), a s3a postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha m3nima eficacia probatoria que, obxectivando as s3as alegaci3ns, xustifique verosimilmente aquela aproximaci3n indiciaria 3s feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca 3 inviabilidade da pretensi3n practicada.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensi3n de reco3necemento de responsabilidade desta Administraci3n, coa subseguinte indemnizaci3n, por non resultar acreditada a relaci3n causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo p3blico, o que leva a cualificar o suceso como un accidente com3n e polo tanto non indemniz3bel pola Administraci3n.

Polo exposto, prop3nse 3 Xunta de Goberno Local a adopci3n do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamaci3n de responsabilidade patrimonial formulada por Dona Rosa G3mez Torre por unha ca3da ocorrida o d3a 12 de setembro de 2006 na r3a Toledo, 3 altura do n3m. 2, por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ning3n servizo p3blico do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(874).- RECLAMACI3N DE D^a. JOSEFA G3NDARA G3NDARA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1197/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuaci3ns do expediente, d3ase conta do informe-proposta da t3cnico de Adm3n. Xeral do 20.05.08, conformado pola xefa da 3rea de R3xime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona Josefa G3ndara G3ndara presenta reclamaci3n de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 30 de agosto de 2006, no que exp3n que o d3a 27 de agosto de 2006, mentres cami3aba pola r3a V3zquez Varela n3m. 45 esquina coa r3a Pizarro, sufriu unha ca3da por mor da falta de lousas na beitrarr3a, produc3ndose danos de car3cter f3sico.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do Servizo de vías e obras do Concello de data 19.9.2006 sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente.
- Informe do Servizo da Policía local, de data 18.10.2006 conforme non teren constancia dos feitos polos que se reclama.
- Práctica de proba testemuñal en data 7.11.2006, ás persoas propostas pola reclamante.
- Ditame para valoración de danos corporais da Asesoría médica do Concello de data 5 de marzo de 2008.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que fai alegacións en data 30.4.2008.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993).

Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- O día 27 de agosto de 2006 a reclamante caeu á altura do número 45 da rúa Vázquez Varela esquina coa rúa Pizarro . A consecuencia de dita caída recibiu asistencia médica no Servizo de Urgencias médicas do Sergas, onde lle diagnosticando fractura 1/3 distal de radio non desprazada de ambos pulsos.
- Se ben se afirma que a reclamante é traballadora do fogar, non se acredita este extremo, nin tampouco baixa laboral.

Consta no expediente que a reclamante tiña subscrita unha póliza de seguro coa Mutualidade General de Previsión del Hogar. No procedemento de responsabilidade patrimonial é doutrina legal recollida pola xurisprudencia que o principio que domina a súa regulación, consagrado no art. 40 LXPAC e art. 106 da Constitución, é o de procurar ó prexudicado a reparación integral do dano causado, pero sen que poida converterse nun motivo de lucro (STS 12.7.1955 e 15.10.1990, entre outras). Por outra banda, a vítima dun dano causado a consecuencia do funcionamento dun servizo público que tivera concertado un contrato de seguro en virtude dunha póliza

subscrita ó efecto, terá dereito a que se lle indemnice consonte á ela. Non obstante, neste suposto sería preciso caso de recoñecer responsabilidade da Administración nos feitos, e de conformidade así mesmo coa lei de contrato de seguro, ter en conta as cantidades percibidas idade laboral durante ese periodo, co obxecto de minorar a indemnización á que tería dereito, por canto en caso contrario produciríase un enriquecemento inxusto para a lesionada.

Respecto á valoración do dano, é preciso ter en conta que, de conformidade co ditame da Asesoría médica do Concello, se ben precisou tratamento rehabilitador, éste se realizou de xeito discontinuo, polo que non se xustifica todo o tempo de curación polo que se reclama, considerando como periodo de incapacidade impeditiva 44 días e non impeditiva 78 días, valorando as lesións en 4.330,76 euros. Non procede admitir secuela ningunha das lesións por canto non consta con precisión nun informe médico o seu carácter crónico e permanente, e tampouco corrección por idade laboral ó non acreditarse que a reclamante traballe.

Terceiro.-Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25.1.1974 ou 5.11.1974).

De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Se ben as testemuñas do accidente do reclamante din que non eran visíbeis os defectos, á vista do informe do Servizo de vías e obras de data 19 de setembro de 2006 que hai no expediente, que os defectos na beirarrúa que ocupaban 2 metros cuadrados, eran visíbeis a 5 m. e tiñan unha dimensión que permitían dita percepción, o que se observa claramente nas fotografías que se achegan ó informe, tendo ademais lugar os feitos nun día de agosto ás 17.30 h, e polo tanto cunha perfecta visibilidade, como así se corrobora na proba testemuñal, polo que consecuentemente, e consonte coa doutrina do Consello Consultivo de Galicia (entre outros, ditame 380/2006), tratándose dunha irregularidade do firme, manifestada ó exterior, apreciábel por un viandante medio, e que non se obxectiva no expediente que a interesada padeza disfuncións físicas ou sensoriais que xustifiquen unha ponderación inferior, non procede estimar a reclamación, ó obedecer o accidente a unha circunstancia pertencente á esfera da imputabilidade da propia vítima do dano. Seguindo a mesma doutrina, tal e así porque demostrada a ostensíbel manifestación ó exterior da irregularidade do paseo, resulta precisa a concorrencia dun despiste ou distracción de quen padeceu o accidente para que este tivese lugar e, polo tanto, unha deficiente aplicación da dilixencia debida.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por Dona Josefa Gándara Gándara, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos por unha caída ocorrida o 27 de agosto de 2006 na rúa Vázquez Varela núm. 45, esquina rúa Pizarro, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(875).- RECLAMACIÓN DE D. RUBEN MARTÍNEZ ALONSO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1279/243. ESTIMADA EN PARTE.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Xeral do 20.05.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Don Rubén Martínez Novo presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 30 de outubro de 2006, no que expón que o día 26 de outubro do mesmo ano circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula 6319-CMK pola rúa Policarpo Sanz, e á altura do número 26 producíronse danos materiais ó seu vehículo ó pasar por enriba dunha foça.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 26.10.2006, dos axentes que acudiron ó lugar tras acaeceren os feitos.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 29.11.2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente.*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, de data 13.9.2007 sobre os prezos das facturas achegadas polo reclamante.*
- *Práctica de proba testemuñal en data 15.11.2007 a peroa proposta polo reclamante.*
- *Evacuáase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas en data 16.11.2007, que non fai alegacións.*
- *Evacuáase trámite de audiencia ó reclamante en data 31.3.2008, que non fai alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión o sexa a consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que éste non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial o sexa a consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a

Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No expediente, de conformidade coa proba testemuñal paracticada, así como parte de servizo da Policía Local de Vigo que acudiu ó lugar e informe do Servizo de vías e obras resulta acreditado que o interesado sufriu danos na súa roda consistentes nun reventón producidos por unha focha que se atopaba no medio da calzada, dunhas dimensións de aproximadamente 3 m x 1,30 m, danos que foron obxecto de reparación por un importe de 473,39 euros.

Non se poden aceptar, sen embargo, danos na llanta do vehículo por canto non constan no parte de servizo dea Policía local nin tampouco se acreditaron pola proba proposta, non resultando suficiente a estes efectos unha factura de reparación, por canto este dano puido telo con anterioridade ou producirse con posterioridade ós feitos.

Terceiro.- O Servizo de vías e obras no seu informe de data 29 de novembro de 2006 di que na zona referida no expediente efectuáronse obras de reparación do saneamento, atopándose á data da inspección ó efecto a reposición do pavimento de xeito provisional, con formigón.

Polo tanto, o dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, o de saneamento municipal, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha focha nunhas obras na acometida de saneamento.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcemento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xunio de 1955 polo que se aproba o regulamento de servizos das corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludible, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Á vista da documentación obrante no expediente acréditase en parte o dano polo que se reclama e o nexo causal entre éste e o funcionamento dun servizo público municipal, así como a responsabilidade da concesionaria de abastecemento e saneamento de auga nos feitos.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar en parte a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Rubén Martínez Alonso.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar ó reclamante na contía de 473,39 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(876).- RECLAMACIÓN DE D^a. M^a DEL CARMEN IGLESIAS ALVAREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1322/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Xeral do 21.05.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona Maria del Cármen Iglesias Álvarez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 27 de novembro de 2006, no que expón que o día 25 do mesmo mes, na Travesía de Vigo, á altura do núm. 69, caeu por mor do mal estado da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 29.12.2006 sobre o estado do lugar onde a reclamante manifesta que ocorreu o accidente.*
- *Informe da Policía Local, de data 16.4.2007, conforme non teren constanza dos feitos denunciados.*
- *Ditames para valoración de danos corporais da Asesoría médica do Concello, de datas 22 de marzo e 23 de novembro de 2007.*
- *Práctica de proba testemuñal, en data 6.6.2007 á unha das persoas propostas polo reclamante.*
- *Evacuase trámite de audiencia á reclamante, en datas 6.6.2007 e 1.2.2008, que fai alegacións en data 25.6.2007.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o que os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión o sexa a consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial o sexa a consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993).

Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, do exame do expediente, resulta que:

. Segundo a proba testemuñal practicada dona Maria del Carmen Iglesias García caeu o día 25.11.2006 na rúa Travesía de Vigo, nunha focha que había na beirarrúa.

. A reclamante, recibiu asistencia médica na data, o 25.11.2006 no Servizo de urxencias médicas do Hospital xeral de Vigo, diagnosticándosele feridas e erosións en dous dedos da man esquerda, o 2º (enmendado ó 3º) e o 4º dedo, así como un hematoma no seu xeonllo esquerdo, e se lle recomenda revisión co seu médico de atención primaria en 48 h. No parte de asistencia en urxencias consta: “Rx. No imagen de fractura o luxación en mano”.

. Posteriormente, para xustificar a luxación na man esquerda pola que reclama achéganse informes asinados polo Dr. J.Carlos Sendín no que non consta o nome do/a paciente a que se refire, que comencan o 19.12.2006, que se refiren a lesións en 3º, 4º e tamén 5º dedo, copias simples de informes, así como copia simple dun “informe do especialista” onde tampouco constan datos de paciente ou do médico que o asina, e no que superposto a bolígrafo consta “traumatólogo”. Indica que os partes médicos non se atopan compulsados por non permitirlle sacar os orixinais do Centro de saúde, e o médico de Cabeceira lle indica que se son necesarios terán que serlle solicitados por vía xudicial.

No ditáme médico solicitado na tramitación do expediente, o médico informante o 23.11.2007 di: “Por las lesiones sufridas no se justifica permanecer de baja hasta el 12/06/2007, es totalmente injustificable y de ningún modo mediamente verosímil que precise la friolera de 7 meses para curar la erosión. No se le envía a su especialista, no se le realizan pruebas complementarias tras la radiografía del 12/01/2007 y no se le vuelve a realizar un estudio complementario hasta el alta ;; 6 meses después!!”.

É polo que, á vista do actúado, e da documentación presentada pola reclamante á efectos de xustificar o dano polo que se reclama, de todo xeito claramente insuficiente a eses efectos polo anteriormente reseñado, con simples fotocopias de informes dos que segundo a propia reclamante non se lle facilita o orixinal ou compulsado (Enton, ¿cómo os fotocopiou?), nos que hai importantes contradicións e enmendadas: en radiografía non se aprecia luxación, logo si; primeiro son dous dedos con erosións (un deles enmendado) e logo se amplía a un máis, que se pode concluir que o dano non está suficientemente probado.

Terceiro.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito

da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25.1.1974 ou 5.11.1974).

De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Do exáme do expediente resulta que os defectos na beirarrúa onde a reclamante di que caeu eran visíbeis por canto o Servizo de vías e obras informa que o oco ocupa unha superficie aproximada de 0,60x 0,90 , e pódese ver a unha distancia prudencial. Este dato ven corroborado pola propia proba testemuñal a unha persoa que di que coñece a reclamante case dende que naceu, e que se ben non recorda a que hora tiveron lugar os feitos, afirma que había boa visibilidade, era de día e que a focha podíase ver a distancia.

De todo o anterior os defectos da beirarrúa son visíbeis e patentes a unha longa distancia, e na reclamante non consta ningún defecto físico que lle impedise a súa percepción, polo que de conformidade coa doutrina mencionada do Consello consultivo de Galicia, así como Tribunal Supremo, a súa petición de indemnización tería que ser desestimada, ó residenciarse a causa do accidente nun depide o calquera outra circunstancia similar.

Cuarto.- Consecuentemente cos fundamentos anteriores, procede desestimar a solicitude presentada ó non resultar plenamente acreditado tanto o dano polo que se reclama, como tampouco o necesario nexo causal entre éste e o funcionamento dun servizo público municipal.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona Maria del Cármen Iglesias Álvarez por unha caída 25.11.2006 na rúa Travesía de Vigo non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o dano e onexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(877).- RECLAMACIÓN DE D. CAMILO VELOSO FERNÁNDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.1284/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Xeral do 18.05.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).
- Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).
- Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións locais (RS).

- *Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa (LEF).*

Antecedentes:

D. Camilo Veloso Fernández presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 2 de novembro de 2006, polos danos e prexuízos derivados dun accidente de circulación sufrido o día 29 de marzo de 2006, cando D^a. María del Carmen Rodríguez Estévez circulaba co vehículo de súa propiedade, con matrícula PO- 9645-BP, pola Avenida do Aeroporto, á altura da intersección coa rúa San Cristóbal, ó golpear coa chapa dun sumidoiro que se atopaba fora da súa ubicación habitual en posición vertical.

A reclamación se substancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 29/03/2006.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 02/01/2007.*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, de data 04/10/2007.*
- *Decreto do Concelleiro Delegado de Patrimonio, de data 10 de novembro de 2007, rechazando a proba testemuñal ós axentes da Policía Local solicitada por innecesaria.*
- *Proba testifical á testemuña proposta, en data 29/11/2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas en data 25/01/2008, que non formula alegacións.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, en data 30/01/2008, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Que non sexa produto de forza maior.

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciado no patrimonio do Sr. Veloso, que queda acreditado coa presentación dunha factura dun taller mecánico de reparación dos danos sufridos no seu vehículo. Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.11 e 26.1.a LBRL e 80.2.11 e 81.a LALG). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na cláusula 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª RS e 121.2 LEF impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludible.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputable a un terceiro, neste caso, a empresa concesionaria. Tras o exame do expediente, a xuízo da informante, parece presumible a veracidade da relación dos feitos realizada polo reclamante. Así, se ben á chegada da Policía Local ó lugar dos feitos o accidente xa tiña acaecido e os axentes non foron testemuñas presenciais do mesmo, se poden dar fe da realidade da existencia dunha reixa dun sumidoiro de recollida de augas pluviais na calzada fora da súa ubicación habitual e levantada e de danos na porta traseira dereita do vehículo do Sr. Veloso.

A carga da proba da existencia dun dano avaliable economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 RRP), neste caso á empresa concesionaria implicada. Aqualia ó serlle evacuado trámite de audiencia non formula alegacións, desaproveitando o trámite procesual oportuno para probar os feitos impeditivos que lle podan exonerar da súa responsabilidade no accidente, aceptando así implicitamente a súa responsabilidade.

Cuarto.- As reclamacións de responsabilidade patrimonial, cando se trate de servizos concedidos, se dirixirá á Administración que outorgou a concesión (artigo 123 LEF), na forma prevista no paragrafo segundo do artigo 122 da mesma lei, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso. A vista da documentación que obra no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produzo debido a existencia dunha reixa dun sumidoiro na calzada fora da súa ubicación habitual e en posición vertical, polo que a informante conclúe que a responsabilidade dos danos correspóndelle a concesionaria, por un defecto de mantemento da rede de sumidoiros.

Quinto.- Unha vez determinado que concorren no presente caso os presupostos necesarios para imputar a Aqualia a responsabilidade dos danos sufridos polo Sr. Veloso, é preciso determinar o importe da indemnización dos danos e prexuízos. O reclamante achega ó expediente unha factura de reparación do seu vehículo emitida por un taller mecánico (Talleres Unión2) por un importe de 261, 16 €, que o servizo de Parque Mobil do Concello estima correcta, resultando procedente o seu aboamento.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local. En mérito ó que antecede, se propón a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Camilo Veloso Fernández en data 2 de novembro de 2006.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar ó reclamante na contía de 261, 16 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(878).- RECLAMACIÓN DE D^a. M^a LUZ FERNÁNDEZ COBAS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.480/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Xeral do 16.05.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- *Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALGA).*
- *Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).*

Antecedentes:

D^a. M^a Luz Fernández Cobas presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de xaneiro de 2005, polos danos e perdas consecuencia dunha caída sufrida o día 1 de xuño de 2004 cando circulaba pola rúa Pintor Laxeiro, por mor da falla de dous lousas do pavimento da beirarrúa.

A reclamación se sustancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do Servizo da Policía Local, de data 01/06/2004.*
- *Informes do servizo de Vías e Obras, de datas 30/06/2005, 16/03/2006 e 18/10/2007.*
- *Práctica de proba testifical, en data 21/05/2007.*
- *Ditame médico de valoración de dano corporal, de data 22/05/2006.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 05/11/2007, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, ó non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Que non sexa produto de forza maior.

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano residenciable no patrimonio da Sra. Fernández, que acredita con diversos informes médicos os danos sufridos na súa persoa.

Unha vez determinada a existencia do dano sufrido pola Sra. Fernández vamos a examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figuran o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81 a LALGA) . Así, a Administración ten o deber ineludible de manter estas vías de modo tal que resulte garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, deber que implica correlativamente o recoñecemento a favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. En consecuencia, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir, circunstancia que segundo a reclamante concorre neste caso, pois a causa da súa caída estima que foi o mal estado do pavimento da calzada, circunstancia esta corroborada tanto na proba testemuñal como polo Servizo de Vías e Obras municipal.

A carga da proba da existencia dun dano avaliable economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 RRP).

A doutrina xurisprudencial admite entre as circunstancias que poden romper o nexos de causalidade, tanto a intencionalidade da vítima, como a negligencia desta na produción do dano, sempre que teñan sido determinantes da existencia da lesión (STS de 15 de decembro de 1997, Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 6ª). A carga da proba destas circunstancias correspondería, no seu caso á Administración. No suposto que nos ocupa, segundo se aprecia nas fotografías anexas ó informe do servizo de Vías e Obras de data 18/10/2007, a caída non se produce pola existencia dun defecto oculto na beirarrúa, senón que a zona en mal estado era perfectamente visible, o que esixe unha maior precaución á hora de circular pola mesma. Neste senso, tanto a Sra. Fernández como a testemuña presencial dos feitos manifestan que faltaban varias lousas, tendo estas unhas dimensións de 25 x 25 cms, o que fai que os buratos da beirarrúa podan ser advertidos polos peóns a certa distancia, so con empregar unha mínima dilixencia no deambular. Tamén corrobora este dato o feito de que polo lugar transitan centos de persoas diariamente sen problemas, do que se deduce que o defecto non é de difícil percepción para os administrados, do contrario os accidentes serían frecuentes ó ser un lugar de moito tránsito. Así, o servizo de Vías e Obras non ten noticia doutras caídas no mesmo lugar. Tampouco no Departamento de Patrimonio se ten constancia doutras reclamacións polos mesmos feitos. Esta ostensibilidade no tocante a presenza de fochas na beirarrúa e a dilixencia que normalmente hai que manter ó transitar polos lugares públicos fan supor a informante que a Sra. Fernández non controlou adecuadamente o seu propio deambular, circunstancia que propiciou a súa caída. Trátase polo tanto dun accidente, dun feito fortuíto e casual, totalmente alleo ó ámbito de responsabilidade da Administración, que a priori nos leva a concluír que a negligencia da vítima interferiu no nexos causal. É doutrina xurisprudencial reiterada que o carácter obxectivo da responsabilidade patrimonial non supón que a Administración teña que responder de todas as lesións que se produzan no ámbito do servizo público, sendo preciso para ilo que a lesión poida imputarse ó funcionamento do servizo, quedando exonerada a Administración cando a intervención de terceiro ou do propio prexudicado reviste a suficiente intensidade para resultar determinante do resultado lesivo, quebrando a relación co servizo público en cuxo ámbito se teñen producido os feitos, aínda cando o funcionamento do mesmo sexa defectuoso (STS Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 6, de 30 outubro 2006).

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, se propón a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dª. Mª Luz Fernández Cobas en data 26 de xaneiro de 2005 por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento normal ou anormal de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(879).- RECLAMACIÓN DE D^a. ANTONIA MONTERO FERNÁNDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1386/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Xeral do 19.05.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- *Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALG).*
- *Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).*

Antecedentes:

D^a. Antonia Montero Fernández presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de xaneiro de 2007, polos danos e prexuízos consecuencia dunha caída acaecida en data 23 de febreiro de 2006 mentres camiñaba pola rúa Urzaiz, á altura do número 176, tras tropezar contra unha prancha metálica existente na beirarrúa.

A reclamación se sustancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 23/02/2006.*
- *Informes do servizo de Vías e Obras, de datas 07/02/2007 e 31/10/2007.*
- *Ditame de valoración do dano corporal, de data 27/04/2007.*
- *Práctica de proba testifical á testemuña proposta pola interesada, en data 04/09/2007.*
- *Informe de UNIÓN FENOSA, de data 19/09/2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 27/11/2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia á UNIÓN FENOSA, que formula alegacións en data 28/04/2008.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Que non sexa produto de forza maior.

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figuran o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a

LBRL e 80.2.d e 81 a LALGA) . Así, a Administración ten o deber ineludible de manter estas vías de modo tal que resulte garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, deber que implica correlativamente o recoñecemento a favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. En consecuencia, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. Polo tanto, o primeiro requisito para a existencia de responsabilidade patrimonial da Administración é probar a efectiva existencia dun dano. A carga da proba da existencia dun dano avaliable economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 RRP). Se ben, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 LRJAP).

Tras o exame da proba practicada durante a tramitación do expediente se desprende que a Sra. Montero non probou a existencia dun dano. Non existe dúbida da certeza da da súa caída, así o manifestou a testemuña presencial dos feitos. A Sra. Montero declarou no momento da caída ós axentes da Policía Local que foron comisionados para asistir ó lugar dos feitos sufrir dolores nunha rodilla e nas mans, tal como consta no parte do servizo elaborado polos mesmos, extremos confirmados na proba testifical pola testemuña presencial dos feitos. No entanto, non consta que tivese recibido asistencia médica con ocasión deste accidente. O primeiro informe médico sobre as presuntas lesións está datado en 17 de abril de 2006, case dos meses despois da data do accidente, e ademais se aporta o documento de solicitude de cita, datado a súa vez en 13 de marzo do mesmo ano. Por outra banda, neste primeiro informe médico se lle diagnostica “grave cervicartrosis, escoliosis cervicodorsal e contracturas dorsales”, lesións que non teñen relación ningunha cos síntomas manifestados á Policía Local “dolores nunha rodilla e nas mans”, senón que se trata de trastornos dexenerativos, tal e como informa o Dr. Guillén da Asesoría Médica do Concello en data 27/04/2007, quen tras o análise da documentación médica achegada pola Sra. Montero, extrae a conclusión de que “non está xustificada a relación causal entre a caída e as lesións que refire”. No informe médico aportado pola Sra. Montero elaborado polo Dr. Polledo, o traumatólogo que a atende das súas lesións, este recoñece que algunhas destas son “de natureza crónica”.

Aínda que resultase probada a existencia dun dano, este non resultaría imputable á esta Administración por canto a causa do accidente foi a existencia dunha chapa metálica na beirarrúa, e segundo se aprecia nas fotografías achegadas ó expediente pola Sra. Montero a chapa metálica orixe do accidente era perfectamente visible. Neste senso informa o servizo de Vías e Obras, en data 07/02/2007, que a chapa metálica tiña unhas dimensións aproximadas de “1, 20 x 1, 00 mts”, polo que estiman que debería ser apreciada a máis de 5 mts de distancia. A testemuña presencial dos feitos confirma este extremo cando responde, ó ser preguntada polo instrutor sobre a que distancia podía apreciarse o defecto da beirarrúa, “se podía ver a bastante distancia”. A doutrina xurisprudencial admite entre as circunstancias que poden romper o nexo de causalidade tanto a intencionalidade da vítima como a negligencia desta na produción do dano sempre que teñan sido determinantes da existencia da lesión (STS de 15 de decembro de 1997, Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 6ª). No suposto que nos ocupa, constatado pola proba practicada a ostensibilidade do defecto, é preciso concluír que a Sra. Montero empregando unha mínima dilixencia no seu deambular podía ter sorteado este obstáculo, e a caída, en consecuencia, pode ser imputada a un despiste, a unha negligencia da vítima.

Por último, é preciso engadir, que o servizo de Vías e Obras, manifesta que a chapa metálica non era de propiedade municipal. Estaba colocada sobre unha arqueta da empresa UNIÓN FENOSA, polo que existen indicios para supor que é da súa propiedade, se ben este extremo non puido ser probado durante a instrución do expediente. Ó ser a chapa metálica orixe do accidente propiedade dun terceiro, sexa UNIÓN FENOSA ou calquera outro, o Excmo. Concello de Vigo carece de lexitimación pasiva no presente procedemento e non é posíbel vincular o accidente ó funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público municipal, polo que falla un dos presupostos esenciais para que entre en xogo o mecanismo da responsabilidade patrimonial. Neste senso, segundo reiterada xurisprudencia “entre la actuación administrativa y el daño tiene que haber una relación de causalidad, una conexión de causa y efecto, ya que la Administración sólo responde de los daños verdaderamente causados por su propia actividad o por sus propios servicios, no de los daños imputables a conductas o hechos ajenas a la organización o a la actividad administrativa, pues la responsabilidad de la Administración no puede ser tan amplia que alcance a los daños derivados de actos puramente personales de otros suje-

tos de derecho que no guardan relación alguna con el servicio” (STS da Sala do Contencioso-administrativo de 24 de abril de 2003).

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local. En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por D^a. Antonia Montero Fernández, en data 11 de xaneiro de 2007, ó non resultar acreditada a existencia dun dano antixurídico do que se poida derivar a responsabilidade patrimonial do Excmo. Concello de Vigo”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(880).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR AQUALIA FCC, VIGO, UTE CONTRA RESOLUCIÓN ESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN DE D^a M^a CARMEN MUÑOZ SANROMÁN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.1037/243. DES-ESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Xeral do 19.05.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.-Aqualia FCC,VIGO, U.T.E. presenta o 27 de marzo de 2008 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local, notificada o 29 de marzo de 2008, que estimando en parte a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por dona Maria del Carmen Muñoz Sanromán, a consecuencia de danos por unha caída acaecida o día 16 de maio de 2005 na rúa Manuel Castro esquina rúa Florida. , lle declarou responsabel deses danos cunha obriga de indemnización deles na contía de 3.834,76 euros.

Segundo.- Do recurso de reposición interposto deúselle traslado a dona Maria del Carmen Muñoz Sanromán, quen fixo alegacións en data 8 de abril de 2008.

FUNDAMENTOS

Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Segundo.-O recurso fundaméntase sintéticamente en que non hai proba bastante no expediente para establecer o necesario nexos causal entre o accidente e o funcionamento,da infraestutura afecta ó servizo de saneamento e abastecemento de auga, e se ben é certo que esa concesionaria realizou obras de saneamento no lugar, se realizaron en setembro do ano anterior ó accidente da reclamante, que o foi en maio de 2005; que a conservación da beirarrúa non é da súa competencia e que non hai constancia do punto exacto onde caeu dona Maria del Carmen Muñoz, reiterando que a reparación da beirarrúa foi realizada pola empresa Eiriña e con posterioridade efectuáronse trabllos de reparación por Unión Fenosa.

Ningunha das alegacións da reclamante ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRXPAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal.

Os informes do Servizo de vías e obras, que consonte ó disposto no artigo 89.5 da lei 3071992, do 26 de novembro, serveron de motivación á resolución que se recorre, e en especial o de data 14 de novembro de 2007, que á vista das alegacións de Aqualia ratifícase no anterior, afirman que no lugar inteerviño Aqualia, acometida de edificio e as lousas soltas que produxeron o accidente pertencían á reposición efectuada por eles. E o prego de condicións económico administrativas que rixe a concesión establece na súa cláusula 71 a a condición de obras ou actividades complementarias das obras realizadas no lugar.

Por todo o que considérase que as alegacións efectúadas non desvirtúan o contido da resolución que se recorre, polo que procede confirmala na súa integridade.

Terceiro.- Consonte co art. 116 da LRXPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local ó tratarse do órgano que dictou a resolución impugnada.

Polo exposto propónse á Xunta de Goberno local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por Aqualia FCC, VIGO, U.T.E. contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 11 de febreiro de 2008 de que estimando en parte a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona Maria del Carmen Muñoz Sanromán lle declarou responsabel dos danos padecidos por ésta a consecuencia dunha caída acaecida en data 16 de maio de 2005 na rúa Manuel Castro esquina Florida, tendo que indemnizarlle na contía de 3.834,76 euros, e confirmala na súa integridade”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

34(881).- DECLARACIÓN DE SITUACIÓNS ADMINISTRATIVAS DE DIVERSO PERSOAL.

Dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidde de Persoal, do 28.05.08, conformado polo concelleiro da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Con data 13 de xuño de 2005, a Xunta de Goberno Local aprobou a oferta de emprego público correspondente a dito ano, a cal se levou a efecto o pasado ano 2007.

Como consecuencia de dita execución existen funcionarios e traballadores municipais que accederon e obtiveron pola tanda libre outra praza.

O art. 10.1, da Lei 53/1984, de 26 de decembro de Incompatibilidades do persoal ao servizo da administración establece que quenes accedan por calquera título a un novo posto do sector público que con arranxo a esta Lei resulte incompatible co que viñeran desenvolvendo, haberán de optar por un deles, dentro do prazo de toma de posesión.

A falta de opción no prazo sinalado, entenderase que optan polo novo posto pasando á situación de excedencia voluntaria nos que viñeran desempeñando, toda vez que a participación nas probas selectivas tivo carácter totalmente voluntario por parte dos funcionarios.

A Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, no seu art. 85 establece as situacións administrativas dos funcionarios de carreira e concretamente no 89 contempla a excedencia voluntaria por interese particular, a cal se poderá declarar de oficio pola Administración, entendéndose de aplicación ao suposto en cuestión.

Asímesmo o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión de 22 de marzo de 2007, adoptou acordo de nomeamento de dous inspectores de urbanismo como funcionarios de carreira en propiedade de dito organismo pola quenda de promoción interna, que pertencían ao cadro de persoal municipal, polo que deberá esta administración decláralos de oficio en situación de servizo noutras administracións públicas, de conformidade co establecido no art. 88 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, cos dereitos que a dito precepto lles recoñece en relación coa promoción profesional:

Por isto, e no uso das competencias en materia de persoal atribuídas á Xunta de Goberno Local polo artigo 127.1h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, sométese á súa consideración a seguinte
PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Declarar de oficio na situación administrativa de excedencia voluntaria por interese particular, de conformidade co previsto no art. 89 da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público en relación co art. 10.1 da Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas aos seguintes funcionarios/as ou empregados municipais

Dª Mª José Valenzuela Rodríguez, con DNI 77.008.548-V, dende 30 de setembro de 2007, Dª Marta Alonso Posada, con DNI 36.138.135-Y e Dª Ana Mª Fernández Arias, con DNI 36.090.311-E, dende 31 de outubro de 2007 na praza de Auxiliar de Administración Xeral.

D. Secundino Otero Failde, con DNI 76.812.999-z, dende 30 de setembro de 2007, na praza de Administrativo de Administración Xeral.

D. Antonio Vivero Mijares, con DNI 36.088.250-P, dende 31 de xullo de 2007, D. Francisco Javier Alvarez Ferreira, con DNI 36.076.666-Q, D. Ramón Pérez Rodríguez, con DNI 36.084.908-R, D. Germán Pardo Lázara, con DNI 36.117.935-T, D. David Costas Pérez, con DNI 36.101.838-A, D. Francisco José Porto Justo, con DNI 76.989.346-C, D. Juan Diego Vázquez Domínguez, con DNI 36.145.278-L, D. Francisco Domínguez Alonso, con DNI 76.911.101-K, D. Antonio José López Santana, con DNI 36.157.712-X, D. Marcos Otero Sotelo, con DNI 36.112.260-Y, D. Oscar Manuel Sánchez Vázquez, con DNI 76.721.177-P dende 31 de decembro de 2007 na praza de garda da policía local

D.ª Mª Dolores Bernárdez Fernández, con DNI 36.049.835-A, dende 31 de xullo de 2007 na praza de Inspector Auxiliar de Sanidade.

D. Oscar Miguel Vega Andión, con DNI 33.0329.266-A, dende 31 de xullo de 2007 na praza de Técnico medio de servizos económicos.

D. Antonio Barreira Pazos, con DNI 36.090.046-X, dende 31 de xullo de 2007 na praza de Oficial Sepultureiro.

A dita declaración terá efectos do día anterior a data de toma posesión na nova praza.

Segundo.- Declarar de oficio na situación administrativa de servizo noutras administracións públicas de conformidade co previsto no art. 88 da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público aos funcionarios do corpo da Policía Local:

D. Manuel Bernardo Martínez Area, con DNI 36.084.122-C e a D. Ramón Cid González, con DNI 36.089.876-G dende 31 de marzo de 2007 na praza de garda da policía local, por ter sido nomeados funcionarios de carreira en propiedade con praza de inspectores de urbanismo pola quenda de promoción interna na Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

A dita declaración terá efectos do día anterior a data de toma posesión na praza de funcionario da Xerencia.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo aos interesados, informándolles que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

35(882).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN QUE DEIXA SEN EFECTO REDUCCIÓN XORNADA DE Dª SILVIA TABOADA GONZÁLEZ. EXPTE. 18267/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, do 27.05.08, que di o seguinte:

Vista a solicitude de Dª Silvia Taboada González, (núm. persoal 79158) auxiliar administrativa adscrita á Unidade de Asesoría Xurídica 6 de setembro de 2007,

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

R E S O L V O

Deixar sen efecto a partir do día 13 de xuño de 2008, a redución de xornada solicitada por D^a Silvia Taboada González, núm. persoal 79158, auxiliar administrativa adscrita á Unidade de Asesoría Xurídica, debendo percibir a partir do día 14 de xuño de 2008 as súas retribucións íntegras.

A presente resolución notifíquese á interesada, xefatura do Servizo, Intervención Xeral e Unidade de Persoal, e dese conta á Xunta de Goberno Local.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

36(883).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN QUE DEIXA SEN EFECTO A REDUCCIÓN DE XORNADA DE D^a BEATRIZ GÓMEZ OURO. EXPTE.18228/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, do 27.05.08, que di o seguinte:

Vista a solicitude de D^a Beatriz Gómez Ouro, (núm. persoal 22622) técnica de actividades culturais e educativas adscrita ao Servizo de Voluntariado, de deixar sen efecto a xornada reducida autorizada en virtude de resolución de data 22 de outubro de 2007,

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

R E S O L V O

Deixar sen efecto a partir do día 13 de xuño de 2008, a redución de xornada solicitada por D^a Beatriz Gómez Ouro, núm. persoal 22622, técnica de actividades culturais e educativas adscrita ao Servizo de Voluntariado, debendo percibir a partir do día 14 de xuño de 2008 as súas retribucións íntegras.

A presente resolución notifíquese á interesada, xefatura do Servizo, Intervención Xeral e Unidade de Persoal, e dese conta á Xunta de Goberno Local.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

37(884).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN QUE DEIXA SEN EFECTO A REDUCCIÓN DE XORNADA E NOVA REDUCCIÓN A PARTIR DO 3 DE NOVEMBRO DE 2008 DE D^a CRISTINA GÓMEZ GARCÍA. EXPTE. 18268/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, do 27.05.08, que di o seguinte:

Vista a solicitude de D^a Cristina Gómez García (núm. persoal 78121) diplomada en traballo social, adscrita ao servizo da Muller, de deixar sen efecto a xornada reducida autorizada en virtude de resolución de data 12 de abril de 2005, e volver a retomar a dita xornada con efectos a partir do 3 de novembro do 2008,

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

RESOLVO

Primeiro.- Deixar sen efecto a partir do día 13 de xuño de 2008, a redución de xornada solicitada por D^a Cristina Gómez García, núm. persoal 78121, diplomada en traballo social adscrita ao servizo da Muller, debendo percibir a partir do día 14 de xuño de 2008 as súas retribucións íntegras.

Segundo.- Autorizar novamente a redución de xornada nunha hora ó inicio da xornada, laboral quedando establecida de 7,45 a 8,45 horas con efectos a partir do 3 de novembro de 2008, de conformidade co previsto no art. 48.1.h) da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, coa correspondente redución de retribucións.

A presente resolución notifíquese á interesada, xefatura do Servizo, Intervención Xeral e Unidade de Persoal, e dese conta á Xunta de Goberno Local.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

38(885).- DAR CONTA RESOLUCIÓN QUE DEIXA SEN EFECTO A REDUCCIÓN DE XORNADA DE D^a M^a CRISTINA COSTAS ARÁN. EXPTE. 18227/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, do 27.05.08, que di o seguinte:

Vista a solicitude (doc. núm. 80055145) de D^a M^a Cristina Costas Arán, (núm. persoal 23432) auxiliar administrativa adscrita á Administración de Tributos (IBI), de deixar sen efecto a xornada reducida autorizada en virtude de resolución de data 24 de xaneiro de 2008,

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

RESOLVO

Deixar sen efecto a partir do día 31 de maio de 2008, a redución de xornada solicitada por D^a M^a Cristina Costas Arán, núm. persoal 23432, auxiliar administrativa adscrita á Administración de Tributos (IBI), debendo percibir a partir do día 1 de xuño de 2008 as súas retribucións íntegras.

A presente resolución notifíquese á interesada, xefatura do Servizo, Intervención Xeral e Unidade de Persoal, e dese conta á Xunta de Goberno Local.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

39(886).- SOLICITUDE DE PERMISO SEN SOLDO DE Dª ROSARIO CUESTA GARCÍA. EXPTE. . 18269/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 27.05.08, que di o seguinte:

A medio de escrito de data 12 de maio de 2008 (expte. 18269/220), Dª Rosario Cuesta García, NIF 35.973.765-V, e núm. persoal 6095, administrativa de administración xeral adscrita ó Departamento de Mobilidade e Seguridade, solicita permiso non retribuído, por asuntos persoais, durante o período comprendido entre o 1 e o 30 de agosto de 2008.

En relación con dita solicitude emítese o seguinte informe:

O vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo” contempla no seu artigo 17 c) a posibilidade de solicitar permiso non retribuído por asuntos persoais ata un máximo de 6 meses cada 5 anos ou de 12 meses cada 10 anos, estando o funcionario solicitante en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social durante o seu disfrute e computando o tempo de duración do mesmo a efectos de antigüidade. Non computará o tempo a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.

Por parte desta Unidade de Persoal non se observan impedimentos ao outorgamento do referido permiso, así como polo Departamento de Mobilidade e Seguridade.

Por todo o exposto, a funcionaria que subscribe propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar a Dª ROSARIO CUESTA GARCÍA, NIF 35.973.765-V e núm. persoal 6095, administrativa de administración xeral adscrita ó Departamento de Mobilidade e Seguridade, un permiso sen soldo por asuntos persoais, no período comprendido entre o 1 e o 30 de agosto de 2008, de conformidade co previsto no art. 17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do concello de Vigo.

Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

40(887).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL 2008. EXPTE. 18266/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 29.05.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 26.05.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 6.410,86 € correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos de Limpeza, Vías e Obras, OSPIO-Vías e Obras-Control Concesionarias, Seguridade, Educación, Participación Cidadá, Benestar Social, Cemiterios, Museo Quiñones de León, Conserxería, Igualdade-Muller e Patrimonio e Contratación con cargo á clasificación económica do orzamento 231.00.00 -Gastos de Locomoción.

	Servicio	Total
4420	Limpeza	256,69

5110	OSPPIO-Vias e Obras-Control Concesionarias	3.567,76
2220	Mobilidade e Seguridade	899,08
4220	Educación	387,41
4631	Participación Cidadá	39,90
3130	Benestar Social	103,65
4430	Cementerios	135,85
4513	Museo Quiñones de León	163,33
1210	Conserxería	568,10
4632	Muller	62,23
1216	Patrimonio e Contratación	226,86
TOTAL		6.410,86

41(888).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN QUE CONCEDE PERMISO RETRIBUIDO A D. CARLOS RODRÍGUEZ LAGO. EXPTE. 18272/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 27.05.08, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

Con data 26 de maio de 2008, D. Carlos Rodríguez Lago, cabo do Servicio de Extinción de Incendios, solicita se lle conceda un permiso especial por enfermidade grave dun familiar (nai), atendendo o previsto Lei 13/2007, do 27 de xullo, de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio da función pública de Galicia.

O interesado aporta diversos informes médicos nos que se indica a gravidade da enfermidade, así como valoración de grao e nivel de dependencia estando nestes momentos na Unidade de Hospitalización a domicilio.

Asímesmo, o art. 70.k) da Lei 13/2007, de modificación da Lei 4/1988 da función pública de Galicia, establece que nos supostos de accidente ou enfermidade moi grave do cóxuxe, parella en analoga relación de afectividade, familiares en primerio grao, acollidos/as ou familiares conviventes, e para atender o seu coidado, o persoal funcionario terá dereito a un permiso retribuído cunha duración máxima de 30 días naturais. Cada accidente ou enfermidade xerará un único permiso, que, dentro da duración máxima de trinta días, se poderá utilizar de maneira separada ou acumulada.

Por isto, a funcionaria que subscribe, vistos os anteriores antecedentes propón ó Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar a D. Carlos Rodríguez Lago, nº de persoal 20669, cabo do Servicio de Extinción de Incendios, un permiso retribuído, que terá unha duración máxima de 30 días naturais, de conformidade co previsto no art. 70.k) da Lei 13/2007, do 27 de xullo, de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio da función pública de Galicia, que se iniciará o día 1 de xuño e finalizará o 30 de xuño de 2008.

O concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

42(889).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO INTERINO DUN TÉCNICO MEDIO DE RELACIONES PÚBLICAS PARA O SERVIZO DE TURISMO, COMERCIO E INDUSTRIA. EXPTE. 17884/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 28.05.08, a Xunta de Goberno local acorda:

O tribunal cualificador encargado de xulga-las probas selectivas para a provisión con carácter interino dunha praza de técnico medio de relacións públicas para o Servizo de Turismo, Comercio e Industria na súa sesión de 26 de maio de 2008, acordou propoñer á Xunta de Goberno Local o nomeamento da única aspirante que superou tódolos exercicios D^a Fatima Dueñas Corchero, con DNI 44.085.056-J

Por iso, de conformidade co previsto no Artº 127.h, da Lei 7/1985, reguladora de Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para la modernización del gobierno local, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“Nomear funcionariara interina, con cargo a praza vacante de Técnico medio de relacións públicas para o Servizo de Turismo, Comercio e Industria a aspirante proposta polo Tribunal Cualificador e que superou tódolos exercicios da oposición:

D^a FATIMA DUEÑAS CORCHERO, DNI 44.085.056-J, que obtivo unha puntuación total de 14,65 puntos.

O presente acordo notifíquese a interesada, Unidade de Persoal, Intervención Xeral, Organización e Métodos, Comité de Persoal e Concelleira-delegada do Servizo de Medio Ambiente.

43(890).- CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL DE DOUS OFICIAIS PAVIMENTADORES E CATRO OPERARIOS/AS PEÓNS PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS POR UN PERÍODO DE TRES MESES. EXPTE. 18260/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización, do 19.06.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, que di o seguinte:

Con data 20 de maio de 2004 asinouse un convenio de colaboración entre a Excm. Diputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, sobre cooperación económica, para o financiamento de diversas obras de pavimentado en rúas e camiños da cidade.

En consecuencia, a Xunta de Goberno Local, na súas sesións de 18 de outubro de 2004, 14 de febreiro e 30 de maio de 2005, e, 4 de decembro de 2006, entre outras, autorizou a contratación de persoal (oficiais pavimentadores e operarios peóns), rematando a derradeira contratación o 20 de agosto do pasado ano.

Con data 11 de decembro de 2007, o xefe da área de servizos xerais deste Concello, en base o referido Convenio, o co obxecto de seguir dando apoio á maquinaria aportada pola Deputación Provincial, por motivo da ampliación de actuacións nas distintas parroquias deste Concello, solicita a contratatación de catro oficiais pavimentadores e seis operarios-peóns, por un periodo de tres meses prorrogables por outros tres.

O Concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, mediante instrucción de Servizo de data 16 de maio actual, autorizou a contratación de dous oficiais pavimentadores e de catro operarios-peóns.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 4 de decembro de 2006, autorizou a contratación e selección de persoal para pavimentación de viais e camiños públicos, mediante convocatoria a través da prensa local, creando unha Comisión de Valoración para xulga-lo proceso selectivo. Na acta de data 4 de xaneiro de 2007 da Comisión de Valoración encargada da selección de oficiais pavimentadores e operarios-peóns, figuran como os

dous primeiros aspirantes en orde de puntuación D. Jesús Antonio Conde Cameselle, DNI 36.094.969-H e D. José Bergés Rodríguez, DNI 36.005.187-K para oficiais pavimentadores cunha puntuación de 9 e 8,5, respectivamente e, D^a. M^a. del Carmen Barros Abalde, DNI 36.0283.330-A, D^a. M^a. Cruz Roa Romero, DNI 36.031.819-L, D. José Luis Conde Cameselle, DNI 36.113.488-S e D. Carlos Luciarte Pérez, DNI 36.041.237-F, cunhas puntuacións de 8, 7,75, 7,50 e 6,75 puntos respectivamente. aspirantes que superaron a proba de que constou a oposición e que obtiveron os postos n^{os} 1^o e 2^o no caso dos oficiais pavimentadores e 2^o, 3^o, 4^o e 7^o no caso dos operarios peóns, toda vez que o aspirante n^o 1-Calles Alonso, Brais, xa ten a condición de contratado laboral interino por acordo da Xunta de Goberno Local de 29 de abril de 2008e o n^o 5, xa vai proposto nesta proposta como oficial pavimentador.

Asi mesmo, o Capataz de Vías e Obras e o enxeñeiro-xefe de Vías e Obras, a través de escrito de data 8 de maio de 2008, que se achega o expediente, manifestan que o aspirante que figura no sexto lugar como operario-peón D. Carlos Luciarte Pérez, mostrou no desempeño no anterior contrato falla de motivación e pouco interese, polo que aconsellan que o referido candidato non volva a ser contratado para este tipo de traballos.

En consecuencia, procedería a contratación da aspirante que obtivo a 7^a maior puntuación D^a. M^a. Angeles Crispín Mosquera, que obtivo unha puntuación de 6,50 puntos.

Requeridos os aspirantes que se propoñen, estes aceptaron expresamente formaliza-as referidas contratacións laborais.

Fundamentos legais.

De conformidade co disposto no artigo 9.2 da lei 4/88, de 26 de maio da Función pública de Galicia, a selección de persoal laboral efectuarase de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre.

Nembargantes, e consonte ó paragrafo 3^o do mesmo artigo poderase tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.

Ó aveiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do estado, de aplicación supletoria para o persoal da Administración local (artigo 1.3), poderáse proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.

O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica, non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente á cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, esto e, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública), e que deben formar parte da oferta de emprego público.

Nembargantes, o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación deberá ser respetuoso en todo caso cos principios de mérito e capacidade, tal e como dispón o artigo 35 do RD 364/95.

Por esta razón, o artigo 249.1 da lei autonómica 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, prevé que o proceso selectivo do persoal laboral será con carácter xeral o concurso, excepto nos casos de urxencia.

Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respetados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder á referida contratación laboral por acumulación de tarefas, xa que os/as citadaos/as candidatos/as superaron os exercicios da correspondente oposición convocada con anterioridade para a cobertura de postos de oficial e operario pavimentador.

A modalidade contractual que se considera oportuno elixir -contrato por acumulación de tarefas-, esta definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro), e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

Asimesmo, será de aplicación ó disposto no Real Decreto-Ley 5/2006, de 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego, que modifica a lexislación laboral, o cal pretende evitar e prevenir a utilización abusiva de contratos de duración deeterminada e en concreto ó disposto no capítulo II que modifica o apartado 5 do artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, no relativo a duración máxima dos períodos de contratación das distintas modalidades contractuales de duración determinada.

Entendese, por outra banda, amparada ésta contratación ó aveiro do disposto no artigo 23.2 da lei 51/2007, de presupostos xerais do Estado para o ano 2008, xa que se trata de cubrir unha necesidade urxente e inaprazable.

O importe de ditas contratacións, para acomete-lo gasto proposto durante un periodo de tres meses, ascende a un total de 31.192,78€ e imputaríase con cargo a partida 121.0.1400000 "outras modalidades de contratacións temporais, prevista no vixente orzamento.

Por isto, de conformidade co disposto no artigo 127.1.h, da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, o Técnico de Organización que subscribe, coa conformidade da xefatura da Unidade de Pesoal, propón á Xunta de Goberno Local, previa informe de fiscalización da Intervención Xeral, a aprobación da seguinte,

P R O P O S T A :

"Primeiro.- Contratar como oficiais pavimentadores por un periodo de tres meses, a D. Jesús Antonio Conde Cameselle, DNI 36.094.969-H e D. José Bergés Rodríguez, DNI 36.005.187-K, baixo a modalidade contractual -contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender ditas esixencias circunstanciais, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro), e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

Percibirán como retribucións, o importe do soldo inicial e as retribucións complementarias do posto Cód. 243, oficial pavimentador, da vixente Relación de Postos de Trballo, sendo adscritos o Servizo de Vías e Obras, Cód. 442.

Segundo.- Contratar como operarios-peóns por un periodo de tres meses, a D^a. M^a. del Carmen Barros Abalde, DNI 36.0283.330-A, D^a. M^a. Cruz Roa Romero, DNI 36.031.819-L, D. José Luis Conde Cameselle, DNI 36.113.488-S e D^a. M^a. Angeles Crispín Mosquera, DNI 10.798.478-R, baixo a modalidade contractual -contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender ditas esixencias circunstanciais, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro), e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

Percibirán como retribucións, o importe do soldo inicial e as retribucións complementarias do posto Cód. 158, operario-peón, da vixente Relación de Postos de Trballo, sendo adscritos o Servizo de Vías e Obras, Cód. 442.

Terceiro.- Os/as candidatos/as propostos/as, deberán aportar na Unidade de Persoal deste Concello, os orixinais da titulación esixida (Graduado Escolar, FP-1 ou equivalente no caso dos oficiais pavimentadores e, certificado de Escolaridade ou equivalente no caso dos operarios/as peóns), Documento Nacional de Identidade, tarxeta sanitaria e vida laboral actualizada.

Cuarto.- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización dos correspondentes contratos, baixo a modalidade contractual -contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro), e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

Quinto.- *Será de aplicación ó disposto no Real Decreto-Ley 5/2006, de 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego, que modifica a lexislación laboral, o cal pretende evitar e prevenir a utilización abusiva de contratos de duración deerminada e en concreto ó disposto no capítulo II que modifica o apartado 5 do artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, no relaivo a duración máxima dos períodos de contratación das distintas modalidades contractuales de duración determinada”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

44(891).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A VIUCONSA S.A. POR PERMISO DE CIRCULACIÓN POR OBRAS NA RÚA LUIS TABOADA, 13. EXPTE. 55120/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 21.05.08, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data de entrada no Rexistro Xeral de 26 de febreiro de 2008 e número de documento 80024620, solicítase a devolución do aval depositado na Tesourería Municipal por VIUCONSA, S.A. (CIF: A-36660421) con data 15/12/2005 e número de operación 200500059069, por importe de 36.714,00 €, motivado polo permiso de circulación á r/ Luis Taboada, 13.

No informe de inspección de data 8 de maio de 2008, comprobouse que a vía pública e o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPÓN:

Proceder á devolución da fianza de 36.714,00 € (trinta e seis mil setecentos catorce euros), a favor de VIUCONSA, S.A.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de 36.714,00 € (trinta e seis mil setecentos catorce euros), a favor de VIUCONSA, S.A.

45(892).- AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS NO CASCO VELLO DE VIGO E BARRIO HISTÓRICO DE BOUZAS:

A) PRAZA DA CONSTITUCIÓN N° 9, 4°. EXPTE. 355/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación da vivenda do inmoebel localizado en Pza./ CONSTITUCIÓN 9, 4° a Xosé Xerardo Pereiro Pérez con NIF. 33314870Z das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 23 de abril de 2007 (8ª Fase) anualidade 2008 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante, Xosé Xerardo Pereiro Pérez axuda proposta de 15.338,76 que será financiada polo Ministerio de Vivenda en 8.322,77 euros, e pola Consellería de Vivenda e Solo en 7.015,99 euros.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

B) RÚA TRIUNFO Nº 2-2º. EXPTE. 350/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación emitida en data 13/05/2008 polo arquitecto municipal de finalización das obras de rehabilitación no inmovible localizado en R./ TRIUNFO 2, 2º -, executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinados o 27.04.2006 (7ª Fase), 23.04.2007 (8ª Fase) e o 08.11.07 (9ª Fase). Encadrados nos acordos e orzamentos da Fase 9ª, anualidade 2008 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

SEGUNDO.- Conceder definitivamente a María del Carmen Fenández Izquierdo (DNI/NIF nº 35965840G) a axuda de 12.000 euros que será financiada polo Ministerio de Vivenda na cantidade de 9.000,00 euros e pola Consellería de Vivenda e Solo na cantidade de 3.000,00 euros. Conceder definitivamente a cantidade de 12.000 euros con cargo á partida 4320.7800900 do orzamento da Xerencia de Urbanismo.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda ao remate e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

C) RÚA CRUCEIRO VELLO Nº 2- 1º. EXPTE. 343/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, 14.05.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación do expediente de axuda para a rehabilitación do inmovible localizado en PRAZA DE CRUCEIRO VELLO (RUA) 002, a Jesús María Rey Fraile con NIF 35.309.238-Y incorporando as axudas para os elementos comúns das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco histórico de Bouzas, asinado o 23 de abril de 2007 ,3ª Fase anualidade 2009.

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante Jesús María Rey Fraile, a axuda de 19.000 euros que será financiada polo Ministerio de Vivienda na cantidade de 10.000 euros e pola Consellería de Vivenda e Solo na cantidade de 9.000 euros.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

D) PRAZA CONSTITUCIÓN 9. EXPTE. 360/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, 7.05.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación dos elementos comúns do inmovel localizado en Pza./ CONSTITUCIÓN 9, das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 23 de abril de 2007 (8ª Fase) anualidade 2008 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

NOME	ENDEREZO	NIF	ACP CVS	AXU MAX	AXU PROP*	CVS	MV
Josefa Gil Pérez	Pza./ CONSTITUCIÓN 9, 0 A	36003846Z	3.003,63	7.000	1.201,44	360,44	841,00
Mª Josefa Cabrinetti	Pza./ CONSTITUCIÓN 9, 0 C	35834172B	3.532,05	7.000	1.412,81	423,85	988,96
Josefa Gil Pérez	Pza./ CONSTITUCIÓN 9, 1D	36003846Z	3.997,89	7.000	1.599,15	479,75	1.119,40
José Manuel Miguélez Gil	Pza./ CONSTITUCIÓN 9, 1E	36050318A	3.545,96	7.000	1.418,37	425,51	992,86
Dolores Pérez Mosquera	Pza./ CONSTITUCIÓN 9, 2D	36031838S	3.997,89	7.000	1.599,15	479,75	1.119,40
Mª del Carmen Pazo Cabral	Pza./ CONSTITUCIÓN 9, 2E	35986557K	3.302,61	7.000	1.321,03	396,30	924,73
Ricardo Miguélez Gil	Pza./ CONSTITUCIÓN 9, 3D	36066226H	4.940,01	7.000	1.976,00	593,00	1.383,00
Rut Martínez López de Castro	Pza./ CONSTITUCIÓN 9, 3E	34987305G	2.909,77	7.000	2.036,84	872,93	1.163,91
TOTAL			29.229,81		12.564,79	4031,53	8.533,26

SEGUNDO.- Conceder aos solicitantes, a axuda proposta que será financiada polo Ministerio de Vivenda e pola Consellería de Vivenda e Solo nas cantidades descritas no cadro.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

46(893).- SOLICITUDE DA A.VV. PRAZA DA MIÑOCA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A V MARCHA POPULAR. EXPTE. 7825/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, do 28.05.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á A.VV. Praza da Miñoca , a organizar o vindeiro domingo 8 de xuño de 2008, a *V MARCHA POPULAR* dita proba terá a saída dende a A.VV, e comenará as 11.00 horas e rematará ás 12.30 horas, esta marcha se levará a cabo polas beirarúas da barrio.

47(894).- SOLICITUDE DA CONCELLERÍA DE DEPORTES DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A FESTA DO DEPORTE “O DEPORTE UNE”. EXPTE. 7836/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, do 29.05.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Concellería de Deportes a organizar o vindeiro domingo 8 de xuño de 2008, a “FESTA DO DEPORTE – O Deporte une”, este evento deportivo se levará a cabo na praia de Samil e nas súas inmediacións, dita proba comenará ás 10.00 horas e rematará ás 14.00 horas.

48(895).- SOLICITUDE DE EL CORTE INGLÉS DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR A “III CARRERA FEMENINA DE VIGO DE EL CORTE INGLÉS”. EXPTE.7824/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, do 21.05.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a *El Corte Inglés* conxuntamente coa Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, a organizar o vindeiro domingo 8 de xuño de 2008, a *III Carrera Femenina de Vigo de El Corte Inglés* dita proba terá a saída dende *El Corte Inglés* ás 11.00 horas e percorrerá as rúas de Gran Via, Urzáiz, Republica Argentina, García Barbón, Isaac Peral , Concepción Areal, entrando polos xardíns de Elduayen e rematar fronte a piscina do Real Club Náutico.

49(896).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.